

# No bicentenario da Constitución de 1812: a primeira revolución liberal e o nacemento da nación española

43 Regap

ROBERTO BLANCO VALDÉS  
Catedrático de Dereito Constitucional  
Universidade de Santiago de Compostela

Regap

## 1 Cádiz na vangarda do constitucionalismo

O primeiro motivo polo que a Constitución de 1812 tivo no seu momento, e ten aínda, vista en perspectiva, a extraordinaria relevancia que ninguén lle discute, garda directa relación coa súa gran precocidade, é dicir, co feito de que o texto de Cádiz foi un dos primeiros que se aprobaron en Europa, ou, o que aos efectos vén ser o mesmo, un dos primeiros que se aprobaron no mundo. Como é sabido, a primoxenitura corresponde a este respecto ás Constitucións adoptadas do outro lado do Atlántico polas colonias de Nova Inglaterra despois de que o 4 de xullo de 1776 se producise a Declaración de Independencia. Aquelas Constitucións foron, en todo caso, o antecedente inmediato da que os delegados dos distintos estados da Confederación aprobarían en 1787 en Filadelfia, lei fundamental que deu lugar ao nacemento dos Estados Unidos e documento ao que, por iso, adoita atribuírsele con sólidas razóns o carácter de norma xurídica fundadora do constitucionalismo. Dous anos despois de celebrarse a Convención constituínte dos norteamericanos estalou en Francia a Revolución, que ía estar na orixe da aprobación de ata sete textos constitucionais, algún dos cales non chegou nunca a aplicarse: as tres Constitucións do período revolucionario (1791, 1793 ou Constitución do ano I e 1795 ou Constitución do ano III) e as catro do Imperio: Constitución do ano VIII, Senadoconsultos dos anos X e XII e Acta Adicional ás Constitucións do Imperio, de 1815.

Non debe esquecerse, certamente, que, de forma paralela ao que xa acontecera na península itálica durante o chamado Trienio Xacobino (1796-1799) —período no que aprobaron baixo o pulo dos revolucionarios franceses varios textos constitucionais, como os da



República de Bolonia (1796), a República Cisalpina (1797), a República Romana (1798) ou a República Napolitana (1799)— e, sobre todo, ao acontecido pouco despois tanto nos territorios italianos como nos territorios alemáns, onde a ocupación napoleónica estivo tamén na orixe da adopción de diferentes textos constitucionais (entre outros, en Italia, os da República de Luca, de 1801; a República Ligur, de 1802; ou o Reino de Nápoles e Sicilia, de 1808; e en Alemaña, os do Reino de Westafía, de 1807; do reino de Baviera, de 1808; ou do Ducado de Saxonia-Weimar, de 1809). Os franceses impuxeron a España unha Constitución que se aprobou catro anos antes de que se adoptase a de Cádiz: o coñecido como Estatuto de Baiona, de 1808. Pero, por razóns evidentes —o carácter imposto do Estatuto de Baiona e a natureza soberana da Constitución de Cádiz—, será este último documento e non o aprobado baixo o pulo dos franceses ocupantes, o que, de xeito practicamente unánime, se considera a primeira Constitución da nosa historia.

Antes dela non houbo, pois, máis textos constitucionais en Europa dignos dese nome que os aprobados en Francia, dado que os impulsados noutros lugares polos revolucionarios franceses ou os impostos por Napoleón Bonaparte tiveron todos unha vixencia escasa ou nula e non foron case nunca o resultado de auténticos procesos constituíntes soberanos. Sexa como for, con esas excepcións, e a da Constitución sueca de 1809, ningunha das aprobadas no noso continente foi temporalmente anterior á de Cádiz, que forma parte ademais, xunto coa francesa de 1791 e a portuguesa de 1822, da triada de grandes textos do constitucionalismo revolucionario. É verdade, claro, que o texto de 1812, que se xurou polas autoridades de moitos dos territorios da América hispana e chegou a estar vixente, de forma máis ou menos real, en consecuencia, nun espazo que abranguía arredor dos 10.000.000 kilómetros cadrados<sup>1</sup>, se aplicou na España peninsular, como o francés e o portugués que acabo de citar nos seus países respectivos, durante un período bastante reducido: só entre 1812 e 1814, cando foi derogado *manu militari* polo rei Fernando VII, que restaurou o absolutismo na segunda desas datas a través do decreto antes aludido; entre 1820 e 1823, durante o chamado Trienio Liberal, ao que puxo fin, así mesmo, unha intervención militar estranxeira a favor da monarquía absoluta fernandina; e, apenas uns meses, entre 1836 e 1837, mentres se preparaba unha reforma do texto de 1812 que daría lugar a un documento moi distinto: o de 1837. É verdade, tamén, que a Constitución gaditana, ao igual que as francesas de 1791, 1793 e 1795 ou a portuguesa de 1822, respondían a un modelo político —o do constitucionalismo revolucionario xa aludido— que resulta incomprensible fóra da específica coxuntura das revolucións liberais dos países do sur de Europa, modelo que será, por iso, varrido neses tres lugares tras a reacción monárquica que subseguiu ao Congreso de Viena; e é verdade, en fin, que, como consecuencia dese fondo cambio histórico, moitas das institucións e principios daquel constitucionalismo orixinario serán inatopables no das monarquías limitadas, que, con moi poucas excepcións, dominaron a vida política europea desde a caída de Napoleón ata o último terzo do século XIX. Pero todo iso non reduce a importancia dunha Constitución que avanza un longo treito en relación coas da monarquía constitucional, dominantes no tramo central do século XIX, e que fixa uns principios que só lograrán asentarse definitivamente un século despois e ao servizo da construción dos réximes políticos do constitucionalismo democrático.

1 Tomo ese dato da exposición realizada polo constitucionalista arxentino Néstor Sangüés no X Congreso de la Asociación de Constitucionalistas Españoles sobre el tema «La proyección de la Constitución de Cádiz en las Américas».

## 2 A primeira revolución liberal como revolución nacional

O Estado nacional nace en España nun contexto de crise verdadeiramente excepcional: de fonda crise política e de trágica crise militar<sup>2</sup>. E é que tras a ocupación, en 1808, do territorio español peninsular polas tropas napoleónicas cae a monarquía borbónica e derrúbanse literalmente as institucións do absolutismo, arrasadas, nunha fronte, polo exército invasor e, noutra, polo imparabile pulo das novas institucións populares (as Xuntas) xurdidas da sociedade coa finalidade de organizar a resistencia fronte ao exército invasor. Pero esa crise política non será máis que o preludio dunha longa guerra —a primeira de carácter *nacional* que libra España— que, como non podía ser doutro xeito, condicionará as orixes da Revolución liberal que estala como resposta á invasión. Despois de moitos avatares, e tras dous anos de durísimos combates entre as tropas francesas e os resistentes españois, organizados en gran medida na denominada «guerra de guerrillas», o 24 de setembro de 1810 ábrese en Cádiz as nosas primeiras Cortes liberais, cuxo decreto inaugural expresa á perfección a natureza do novo poder que remata de nacer: «Os Deputados que compoñen este Congreso, e que representan a Nación española, decláranse lexitimamente constituídos en Cortes xerais e extraordinarias, e que reside neles a soberanía nacional [...] Non convindo queden reunidos o poder lexislativo, o executivo e o xudiciario, declaran as Cortes xerais e extraordinarias que se reservan o exercicio do poder lexislativo en toda a súa extensión». Soberanía nacional e división de poderes, resumían, pois, como pode observarse en proclama tan concisa, a esencia dun programa revolucionario do que as Cortes se converterán moi pronto en portadoras. E así, aínda que o labor desas Cortes foi inxente en todos os terreos, desde a esfera da lexislación ata a da dirección da guerra e a gobernación do novo Estado que comezaba a construírse en condicións de gran dificultade, o seu produto xurídico e político máis sobresaínte, aquel polo que a súa existencia quedaría inscrita na memoria das xeracións vindeiras, será sen dúbida a Constitución de 1812<sup>3</sup>, que, ademais de inaugurar en España o constitucionalismo, segundo xa se apuntou, supón a aparición, en sentido estrito, do noso Estado nacional.

De feito, e malia a súa curta vixencia temporal en comparación coas Constitucións españolas do moderantismo e da Restauración (as de 1845 e 1876), o texto gaditano resultou tan relevante historicamente porque, máis alá das peculiaridades propias da súa concreta circunstancia, vai formular todo un conxunto de principios de entre os que destaca, sen dúbida, o da soberanía nacional, expresión última da formulación xurídica do concepto revolucionario de nación. En efecto, malia a denominarse oficialmente «Constitución política da Monarquía española», o texto de 1812 proclamaba cunha rotundidade extraordinaria o principio basilar da soberanía nacional no seu artigo 3º («A soberanía reside esencialmente na Nación e polo mesmo pertence a esta o dereito de establecer as súas leis fundamentais») e, o que é máis importante, dedicaba o primeiro capítulo do primeiro dos seus títulos á nación española e aos españois, realidades que nacían así na súa formulación contemporánea. A nación era concibida constitucionalmente como «a reunión de todos os españois de

2 Véxase Antonio Elorza (edit.), *Luz de tinieblas. Nación, independencia y libertad en 1808*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2011.

3 A bibliografía sobre o período gaditano, as Cortes e a súa Constitución é moi ampla. O profesor Fernando Reviriego Picón elaborou unha exhaustiva relación na que se inclúen libros, artigos, folletos, etc., que pode consultarse na páxina web da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: ([http://bib.cervantesvirtual.com/portal/1812/bibliografia\\_8.shtml](http://bib.cervantesvirtual.com/portal/1812/bibliografia_8.shtml)). Tres obras teñen, de todos modos, un especial interese: as de Miguel Artola e Rafael Flaquer Montequi, *La Constitución de 1812*, Madrid, Iustel, 2008; Joaquín Varela-Suances Carpegna, *La teoría del Estado en las Cortes de Cádiz*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2ª edición, 2011; e Ignacio Fernández Sarasola, *La Constitución de Cádiz. Origen, contenido y proyección internacional*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2011.



ambos os dous hemisferios» (art. 1º), unha entidade «libre e independente», que non era nin podía ser «patrimonio de ningunha familia nin persoa» (art. 2º) e que estaba «obrigada a conservar e protexer por leis sabias e xustas a liberdade civil, a propiedade, e os demais dereitos lexítimos dos individuos que a compoñen» (art. 4º). En canto aos españois, aos que se dedicaba o capítulo II do mesmo título I, tras numerar os diferentes grupos que terían legalmente esa condición (art. 5º), a Constitución fixaba para eles toda unha serie de obrigas que poñían de relevo que, con elas, se estaba describindo a súa condición de cidadáns: o amor á patria (art. 6º), a lealdade á Constitución e a obediencia ás leis (art. 7º), a contribución en proporción aos seus haberes para os gastos do Estado (art. 8º) e, como culminación de todo iso, a defensa da patria coas armas cando fose chamado pola lei (art. 9º).

Pero non é só na conversión dos súbditos do rei en cidadáns da nación e na configuración daquela como unha entidade libre nacida da reunión de homes libres igualmente, onde se expresa o carácter eminentemente nacional dun texto constitucional que ilumina unha novidade autenticamente revolucionaria: os termos «nación», «nacional» (ou o seu plural, «nacionais») aparece por todas as partes na Constitución (ata en 37 ocasións) en relación con declaracións básicas da norma constitucional. Sen pretensión de ser exhaustivos, e como mera mostra, sirvan de exemplo as seguintes, todas elas expresivas de que a nación (española) pasaba a conformarse como a base, non só territorial, senón tamén política esencial do novo Estado que nacía coa Constitución: as Cortes constituíntes terían por obxecto «promover a gloria, a prosperidade e o ben de toda a Nación» (preámbulo); «a relixión da Nación española é e será perpetuamente a católica» (art. 12); «o obxecto do Goberno é a felicidade da Nación» (art. 13); «o Goberno da Nación española é unha monarquía moderada hereditaria» (art. 14); «as Cortes son a reunión de todos os deputados que representan a Nación» (art. 27); «a base para a representación nacional é a mesma en ambos os dous hemisferios» (art. 28); «non pode o rei ceder nin allear os bens nacionais sen o consentimento das Cortes» (art. 172-7ª); «se chegasen a extinguirse todas as liñas [sucesorias] que aquí se sinalan, as Cortes farán novos chamamentos, como vexan que máis importa á Nación» (art. 182); «haberá unha tesouraría xeral para toda a Nación» (art. 345); «haberá unha forza militar nacional permanente, de terra e de mar, para a defensa exterior do Estado e a conservación da orde interior» (art. 356), ou, en fin, «haberá en cada provincia corpos de milicias nacionais, compostos de habitantes de cada unha delas, en proporción á súa poboación e circunstancias» (art. 362).

En todo caso, ao sentar as bases dun Estado nacional a Constitución de 1812 senta tamén, respondendo ás necesidades da época, as dun Estado centralizado capaz de acabar coa trama de poderes privados intermedios do Antigo Réxime característicos da orde feudo-estamental: de aí as medidas das Cortes gaditanas decretando a supresión dos señoríos e a abolición dos gremios, establecendo a liberdade de traballo ou abrindo camiño ás primeiras tentativas de desamortización e reforma agraria. É esta unha cuestión que debe subliñarse de igual modo que as apuntadas previamente. E iso porque o Estado nacional que nace en 1812 aspira a culminar aquel proceso de monopolización de recursos de todo tipo (burocráticos, fiscais, militares e xurisdicionais) ao que máis tarde, e con pretensións de describir un proceso xeral, haberá de referirse Tocqueville ao destacar que coas Revolucións liberais «todos os poderes parecen acudir por si sós cara o centro, se acumulan nel cunha rapidez sorprendente e o estado alcanza de golpe os límites extremos da súa forza, mentres que os particulares se deixan caer nun instante ata o último grao da súa debilidade»<sup>4</sup>. A Cons-

4 Alexis de Tocqueville, *La democracia en América*, Madrid, Aguilar, 1989, tomo II, p. 346

titución de Cádiz incorpora tamén ese obxectivo, pero a capacidade de dominio político e social do Estado centralizado que alí se prefigura vai estar corrixida e controlada por toda unha serie de elementos internos de equilibrio de poderes que marcarán diferenzas substanciais entre o modelo do liberalismo revolucionario español e os dos que despois o subseguiron: primeiro, o proxecto dos moderados e, máis tarde, e culminándoo, o do réxime político da Restauración.

En efecto, o texto gaditano, substancialmente diferente de todos os textos monárquicos aprobados en España durante o século XIX (o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837, 1845, non promulgada de 1856, 1869 e 1876)<sup>5</sup> establecía un complexo sistema de contrapesos derivado da existencia de institucións sociais e de órganos estatais que limitaban unha vontade centralizadora que resultaba, sen dúbida, ineludible en tanto que factor fundamental para a construción do novo Estado liberal. O primeiro dos elementos característicos do sistema referido era o relativo ao equilibrio entre unhas Cortes unicamerais elixidas por sufraxio universal masculino en varios graos (onde o poder da cámara baixa non estaría, por tanto, limitado polo dunha cámara alta de natureza aristocrática ou oligárquica) e o monarca, respectivamente titulares do poder lexislativo e o poder executivo: un sistema de balanza de poderes que, como veremos un pouco máis abaixo, era tan favorable para o órgano parlamentario como desfavorable para o rei. Un elemento adicional de equilibrio institucional derivábase no texto gaditano das previsións sobre a forma de gobernación das provincias e os pobos que nel se contiña. Certamente, mentres que o goberno das primeiras quedaría en mans dun Xefe Político que, a imitación dos Prefectos franceses, sería nomeado polo poder executivo co obxectivo de facer efectiva a súa política nos territorios provinciais (art. 324), o goberno dos pobos confiábase a concellos elixidos por sufraxio universal masculino indirecto (arts. 313-314). O freo institucional á tendencia centralizadora que supoñía con toda claridade a existencia dos Xefes Políticos (antecedente dos futuros Gobernadores Cívís das provincias españolas), non se derivaba exclusivamente, polo demais, da existencia de concellos populares, senón tamén do feito de que os mesmos delegados gubernativos nas provincias estarían controlados en cada unha delas por Deputacións Provinciais de natureza popular, pois serían elixidas polos mesmos electores provinciais que designarían aos deputados nas Cortes (art. 328). A autonomía local e o control político dos axentes políticos do rei nas provincias configurábanse, en suma, como un potente medio de equilibrio interno de poderes e, polo tanto, como un elector corrector do deseño centralizador previsto pola Constitución.

Se os dous elementos apuntados ata o de agora (o equilibrio horizontal de poderes entre o rei e as Cortes, favorable ás segundas con toda claridade; e o equilibrio vertical entre o goberno estatal e as entidades provinciais e locais, que supoñían un claro contrapeso de influencia territorial fronte ao rei e os seus ministros) presentaban un carácter institucional indiscutible, os outros dous que se mencionarán seguidamente configurábanse cunha natureza diferente: tiñáa, por unha banda, a creación dos corpos armados que se prevían na Constitución —as tropas de continuo servizo do exército e a Milicia Nacional— e, sobre todo, o que se deriva da previsión na Constitución dun amplo abano de liberdades individuais e dereitos persoais.

Polo que se refire ao primeiro, aínda que a natureza da Milicia Nacional non ía ficar claramente definida no texto de 1812 (arts. 362-365) aquela remataría sendo, no momento en

5 Cfr., por todos, Joaquín Varela Suanes-Carpegna, *Política y Constitución en España (1808-1978)*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2007.



que se puxo efectivamente en vigor durante o Trienio Liberal, unha transposición a España da institución revolucionaria francesa da *Garde Nationale*: e é que a Milicia se configurou finalmente como un tipo de forza armada popular de carácter local destinada a contrapesar a dependencia real dos exércitos e armadas<sup>6</sup>. O papel dos dereitos resultaría, claro, netamente diferente, pero, malia a iso, aqueles concibiríanse no texto gaditano como espazos de autonomía dos particulares fronte aos poderes públicos, o que poñía de relevo a súa potencialidade como instrumentos de limitación das potestades estatais. Aínda que o texto gaditano non os numeraba de xeito sistemático, como outras Constitucións do liberalismo revolucionario (as francesas de 1791, 1793 ou 1795 ou a portuguesa de 1822), ao longo do seu articulado recollíanse numerosos dereitos como a liberdade civil e a propiedade (art. 4º), o dereito de sufraxio activo (universal aínda que indirecto) e pasivo (censitario) (art. 92), a legalidade penal e o *habeas Corpus* (art. 172.11ª), a igualdade ante a lei (arts. 248 e 258), o dereito á tutela xudicial efectiva (art. 280), a liberdade persoal (art. 287), o dereito a non declarar contra un mesmo (art. 291), a prohibición de confiscación de bens (art. 294), o dereito a ser informado da acusación formulada contra as persoas detidas (arts. 300-301) ou a liberdade de imprenta (art. 371). A excepción, moi significativa por outra banda, veu marcada en Cádiz pola radicalidade con que a Constitución declaraba á católica como a relixión oficial do Estado. O seu artigo 12, ademais de dispoñer como xa vimos, que «a relixión da Nación española é e será perpetuamente a católica», cualificábaa, por medio dunha declaración teolóxica, como a «única verdadeira», para engadir, acto seguido: «A Nación protéxea por leis sabias e xustas, e prohíbe o exercicio de calquera outra». Aínda que tal precepto aparecía, obviamente, como a expresión dunha necesidade que resultaba explicable no contexto gaditano —marcado por unha Guerra da Independencia na que a Igrexa estaba desempeñando un papel fundamental como institución de mobilización contra o exército invasor—, a concepción ideolóxica que lle daba sentido rematará, co curso do tempo, por constituírse como un dos máis graves conflitos —o relixioso— da historia política española.

O Estado nacional nace en España, en conclusión, coa clara vocación de unidade territorial e centralización política que, en claro contraste coa experiencia federal Norteamericana, será expresión do moi diferente contexto en que se producen as revolucións liberais europeas. Pero nace tamén, de forma paralela, como un proxecto pleno de equilibrios institucionais e sociais destinados a evitar que a concentración de poderes típica das Revolucións liberais en Europa puidese acabar transformándose nun instrumento de abuso de poder. O deseño da balanza de poderes entre os poderes lexislativo e executivo, ou o que é o mesmo, entre as Cortes e o monarca, constituirá, a mellor proba a ese respecto.

### 3 O rei e as Cortes: un equilibrio de poderes cara a parlamentarización

Como décadas despois habería de sinalalo certeramente Carlos Marx nun dos seus célebres escritos sobre España, a Constitución de 1812 caracterizouse de xeito moi fundamental pola «ansiosa limitación do poder real»<sup>7</sup>. Xa con ocasión do debate do precepto que regulaba o principio nerval da soberanía nacional ía poñerse de relevo, con suma claridade,

6 Estudeino con detenemento no meu libro *Rey, Cortes y fuerza armada en los orígenes de la España liberal. 1808-1823*, Madrid, Siglo XXI, 1988, pp. 188 e ss. e 411 e ss.

7 Karl Marx e Friedrich Engels, *Revolución en España*, Barcelona, Ariel, 1973, p. 110.

a concepción da que partía o liberalismo *doceañista* hexemónico na cámara: que aquel principio convertía ao monarca nun mero poder constituído do Estado que non tiña máis facultades que as que a nación —é dicir, a Constitución— lle delegaba e, paralelamente, que a estrita limitación daquelas facultades ía directamente dirixida a evitar que o propio rei puidese empregar o seu poder contra o Estado liberal e a súa lei fundamental. O artigo regulador da soberanía, segundo aparecía redactado no proxecto de Constitución, engadía, de feito, un último inciso á previsión de que pertencía exclusivamente á nación o dereito de establecer as súas leis fundamentais: o de que, en plena coherencia con iso, podía a nación e os que a representaban nas Cortes nacionais «adoptar a forma de goberno que máis lle conveña». Aínda que por prudencia, e «para evitar no posible interpretacións sinistras dos malévolo», os liberais, por boca do Conde de Toreno, aceptaron retirar ese inciso final e o propio deputado deixaba constancia de cal era, en verdade, a posición que os liberais defendían: «e a Nación pode establecer as súas leis fundamentais igualmente poderá establecer o goberno, que non é máis que unha desas mesmas leis; só por iso conveño [...], e non porque a Nación non poida nin deba: a Nación pode e debe todo o que quere»<sup>8</sup>. Por exemplo, desposuír ao monarca do veto absoluto, cuxa posesión habería de caracterizar o estatus político dos reis europeos durante todo o período de vixencia das monarquías constitucionais, para outorgarlle un mero veto suspensivo (arts. 145-149), que dificultaba moi seriamente a súa capacidade de interferencia no exercicio da función lexislativa do Estado: o rei podería atrasar a aprobación parlamentaria das leis, pero se os lexisladores insistían non lle quedaba ao monarca outro remedio que aceptar o texto das Cortes, dado que se un proxecto de lei fose aprobado nelas por tres veces, a sanción entenderíase outorgada por propia disposición da lei fundamental. O veto suspensivo significaba, nunha palabra, que a sanción, aínda que puidese diferirse no tempo era, ao cabo, obrigatoria.

Ía ser, porén, no terreo da existencia das Cortes onde as limitacións ao poder real —que figuraban expresamente nun artigo constitucional destinado a tal efecto, o 172, precepto cuxo contido carece de parangón no noso constitucionalismo e que non volveremos atopar en ningún dos textos do século XIX— se manifestaban con maior claridade e, ao tempo, con máis significativa transcendencia. E iso porque non podería o rei no futuro intervir na existencia efectiva das Cortes, ao carecer de facultades para impedir a súa reunión anual —que se producía *ex Constitutione* en determinadas épocas do ano (art. 106)—, ou para suspendelas, disolvelas, ou embarazar de calquera modo as súas funcións (art. 172.1ª). Segundo a Constitución, para a reunión das Cortes establecíase un mecanismo automático que impedía toda interferencia do monarca: o parlamento xuntaríase todos os anos, por un período de tres meses consecutivos que comezaría o primeiro de marzo de cada ano. É dicir, a reunión de Cortes, condición indispensable para a súa existencia política real, quedaba por completo á marxe da vontade política dun rei que, non era difícil imaxinar, podía ter a tentación de non xuntalas para evitar con iso que o parlamento limitase o seu poder. Da importancia sobresaínte de tal regulación deixaría clarísima constancia Agustín de Argüelles, autor do *Discurso Preliminar* á Constitución e probablemente o máis brillante dos deputados *doceañistas*, quen sabía que non esaxeraba ao declarar solemnemente: «Señores, tal vez este artigo é a clave de todo o edificio constitucional». ¿Por que? Pois porque para os deputados liberais, que intentaban entón levantar o Estado liberal en medio dun borrascoso mar de dificultades e problemas, a existencia das Cortes —é dicir, a súa reunión automática anual— supoñía a máis eficaz salvagarda do sistema fronte aos seus moitos e poderosos inimigos.

8 *Diarios de las sesiones de las Cortes Generales y Extraordinarias*, Imprenta de J. A. García, 1870, tomo III, p. 1714.



As palabras pronunciadas por Argüelles no debate constituínte deixan constancia dos perigos aos que as Cortes se enfrontaba cunha rotundidade ben expresiva do que estaba en xogo no envite: «[A Comisión] quixo dar no seu proxecto ao Goberno da Nación o carácter dunha Monarquía moderada, isto é, na que o rei teña a potestade necesaria para facerse respectar fóra e obedecer dentro, e ser ao mesmo tempo o pai dos seus pobos. Para isto a Nación cómpre que estea, por dicilo así, viva na persoa dos seus representantes. Eles sós son os que han de defender a Constitución, asegurando a súa observancia, e contrarrestar aos ministros ou aos poderes que intenten invadila». E é que o transcendental envite histórico ao que as Cortes de Cádiz se estaban enfrontando non era outro que o de tratar de asegurar que unha vez superada a crise política provocada pola invasión napoleónica e a guerra que aquela desatou non volverían as augas da revolución á vella canle absolutista, para o que resultaba indispensable non poñer en mans do rei os poderes susceptibles de permitirlle dirixir o retroceso. Esa confianza en que a existencia das Cortes podería servir para frear as tentativas de rematar coa Constitución e o Estado liberal, certamente un pouco inxenua vista en perspectiva histórica, era a que explicaba a insistencia de Argüelles en apartar do rei os poderes susceptibles de estorbar o funcionamento do parlamento para evitar, así, a tentación dun uso indebido dos mesmos: «Examinense as facultades das Cortes e as sinaladas ao poder do rei e verase que aquelas esixen o constante exercicio e vixilancia da representación nacional; estas o incesante desvelo dun goberno que debe ocuparse con preferencia en obxectos de recoñecida urxencia e natureza moi diferente. As leis, Señor —afirmaba Argüelles dirixíndose ás Cortes cuxa futura existencia estaba defendendo—, aínda que estean ditadas pola mesma sabiduría non fan máis que a metade da obra. A súa observancia é o fundamento da prosperidade pública, e só pode asegurarse por medio dun corpo permanente que teña ao seu coidado reclamala. Tal é a reunión anual de Cortes. Todo o demais é inútil, é ineficaz, enganarse a Nación e prepararse a si mesma a ruina da lei fundamental, único baluarte en que libra a súa independencia e liberdade»<sup>9</sup>. O automatismo na reunión de Cortes, de todo punto indispensable, completábase, como se apuntou previamente, cunha prohibición plenamente coherente con aquel: o rei non podería, baixo ningún pretexto, impedir a celebración de Cortes nas épocas e casos sinalados pola Constitución, nin podería suspendelas, disolverlas, nin en maneira ningunha embarazar as súas sesións ou deliberacións, de modo que os que o aconsellasen ou auxiliasen en calquera tentativa para os actos referidos, serían declarados traidores e perseguidos como tales.

¿Cal é a conclusión esencial que se deriva de todo o apuntado? ¿Ou, por expresalo doutro modo, que relación garda o sistema constitucional de equilibrios e contrapesos ata o de agora analizado, coa posibilidade de parlamentarizar o tipo de monarquía que, avanzado sobre os pasos dos seus sucesores durante o tramo central do século XIX, previran os deputados *doceañistas*? A resposta a ambas as dúas preguntas non é difícil: a balanza de poderes establecida no texto gaditano, que se completaba coa proclamación de que entre as facultades das Cortes se atopaba a de facer efectiva a responsabilidade dos Secretarios do Despacho e demais empregados públicos (art. 171.25<sup>a</sup>), teríase traducido, de ter tido continuidade o Estado liberal, no esquema de funcionamento institucional que estivo na orixe da parlamentarización das monarquías constitucionais europeas a partir do último terzo do século XIX alí onde aquela parlamentarización tivo lugar. E iso porque, ante os constantes conflitos de poder entre o rei e o parlamento que marcaron todo o período de vixencia daquelas monarquías, o primeiro carecería da posibilidade constitucional de resolvelos no seu propio beneficio, procedendo á suspensión ou disolución do parlamento, ou, chegado

9 Todas as citas de Argüelles en *Diarios de las sesiones de las Cortes Generales y Extraordinarias*, cit, tomo III, pp. 1950-1951.



o caso, á súa non convocatoria. En tal hipótese non quedaba máis que outra posible alternativa: a dimisión dos ministros nomeados polo rei ante a presión dun órgano de representación que lles retiraran o seu apoio e confianza, solución esta pola que, sen ningún xénero de dúbidas, estaban apostando os constituíntes gaditanos. Deste xeito, e a diferenza dos monarcas constitucionais, que tiñan limitados os seus poderes pola Constitución pero que participaban no exercicio de todos eles a través dunha complexa serie de variados instrumentos, os monarcas dos textos revolucionarios (o francés de 1791, o español de 1812 e o portugués de 1822) acabarán por aparecer como meros órganos do Estado dotados de poderes que non só resultaban limitados senón que lles impedían, ao cabo, controlar o desenvolvemento do proceso político estatal. Así puido comprobarse en España, de feito, durante os anos do Trienio Liberal (1820-1823)<sup>10</sup> —os únicos en que a Constitución de 1812 se aplicou nunha situación de certa normalidade política e institucional—, anos nos que as previsións da Constitución conduciron indefectiblemente cara unha monarquía fortemente parlamentarizada na que o rei, malia ostentar a titularidade do poder executivo, quedaba privado dos dous principais instrumentos que lle permitían sobrepoñerse ao parlamento: o veto absoluto e a facultade de suspender e disolver as Cortes.

## 4 A Constitución de 1812 vista desde a perspectiva do seu bicentenario

Por iso, analizadas as cousas coa dimensión que dá o tempo transcorrido desde entón, creo persoalmente que o elemento de maior relevancia política do texto gaditano, tan rico e novidoso por tantos e tan diferentes motivos, residirá, ademais de na afirmación nacional xa referida, na regulación da balanza de poderes entre os dous órganos fundamentais do novo Estado liberal (o rei e as Cortes): unha regulación que será moito máis cercana á que caracterizará, a partir dos últimos compases do século XIX, ás monarquías parlamentarias que á que definirá a posición constitucional dos monarcas constitucionais durante o tramo central desa centuria. Esa balanza de poderes, debo subliñalo, non se derivará, a fin de contas —ou, polo menos, non se derivará só— da cantidade maior ou menor de facultades que o monarca tiña conferidas no texto de 1812 canto do feito de que os constituíntes decidiron non poñer nas súas mans, coa única excepción dun descafeinado veto suspensivo, ningún dos poderes esenciais que, tras as revolucións liberais, ía permitir aos reis gobernar en Europa dun modo efectivo e non meramente nominal. A fin de contas, o longo proceso de parlamentarización das monarquías constitucionais que se desenvolve no noso continente durante case tres cuartos de século —proceso que triunfa nalgúns países (Reino Unido) e fracasa noutros, finalmente, tras varios intentos fallidos (Francia ou España)— irá dirixido, paradoxalmente, a alcanzar o que os textos do período revolucionario deron por sentado: que a existencia do poder lexislativo non podía depender da vontade do titular do poder executivo, quen debería ser controlado por aquel; e que, en consecuencia, os reis non podían ter atribuídas as facultades de convocar, disolver e suspender o parlamento, de forma que a tensión política estrutural entre o parlamento e o Goberno puidese resolverse en beneficio do primeiro e en contra do segundo. Aínda que cun tono claramente crítico cara esa solución, ninguén mellor que Benjamin Constant foi quen de expresar o que tal limitación significaría finalmente: «A esencia da realeza, nunha Monarquía representativa,

<sup>10</sup> Pola miña parte puiden confirmar a realidade de tal proceso de parlamentarización nun ámbito, daquela, central da política estatal: o da política militar. Véxase «Rey, Cortes y fuerza armada en el Trienio Liberal: hacia la progresiva parlamentarización de la monarquía constitucional», en VV. AA., *Materiales para el estudio de la Constitución de 1812*, Editorial Tecnos, Madrid, 1989, páxinas 75 a 119.



é a independencia nos nomeamentos que ten atribuídos. O rei nunca actúa no seu propio nome. Situado no cumio de todos os poderes, crea uns, modera aos outros, e dirixe así a acción política, moderándoa sen participar nela. É de aí de onde procede a súa inviolabilidade. Cómpre, polo tanto, respectarlle tal prerrogativa na súa total integridade. Non se lle pode discutir xamais o dereito de elixir. Non poden as asembleas arrogarse o dereito de excluir, pois tal dereito, de exercerse dun modo obstinado, implicaría finalmente o dereito de nomear»<sup>11</sup>.

Porén, e como flor dun día, o proxecto *doceañista* esfumouse unha vez que, tras a morte do derradeiro rei absoluto de España (Fernando VII), en 1833, e tras o fracasado intento dos liberais progresistas de manter, aínda que fundamente reformado, o réxime político gaditano na Constitución de 1837, os moderados —o sector máis retrógrado do liberalismo español na primeira metade do século XIX— chegaron ao poder. Máis tarde, despois do fracaso do novo intento de cambio modernizador que naceu da Revolución Gloriosa de 1868, da Constitución de 1869 e do frustrado proxecto da I República española, o réxime da Restauración culminou, a partir de 1876, a construción dun Estado falsamente parlamentario que ía desembocar, despois dunha fonda crise, na II República española. Tras as dúas traxedias que a seguiron, a Guerra Civil e a longa ditadura en que aquela desembocaría, o réxime constitucional de 1978 acabará por ser, ao cabo, o herdeiro do espírito de Cádiz. Certamente, malia as inmensas diferenzas de texto e de contexto, as Constitucións de 1812 e 1978 respiran, parcialmente, nunha mesma atmosfera: a da soberanía nacional, a monarquía parlamentarizada, o poder xudicial independente, a autonomía municipal e, por suposto, os dereitos. O artigo 13 da primeira —toda unha declaración de principios—, ben podería ter figurado na segunda: «O obxecto do Goberno da felicidade da Nación, posto que o fin de toda sociedade política non é outro que o benestar dos individuos que a compoñen».

¿Por que, pois, o desapego actual, perfectamente perceptible na máis que discreta celebración do bicentenario do texto gaditano fóra das fronteiras da cidade que o viu nacer, cara aquela inxente obra política e constitucional que nos conecta cun dos proxectos máis dignos de admiración nun pasado cheo de quebrantos e fracasos? Quizais porque na atmosfera de Cádiz estaba tamén un proxecto de nación española —esa á que se refire o artigo que acaba de citarse— que hoxe impugnan os que negan a súa existencia, os que fan xogos malabares coa suposta polisemia dun termo que designa unha realidade inapelable e os que viven a custa de actuar como se a nación común fose unha entelequia. É así como a Constitución de 1812 aparece hoxe envolta nun curioso paradoxo: o dun texto cuxo pasado se proxecta no presente (pois os seus obxectivos esenciais acabaron por triunfar), pero no que tamén o presente se proxecta no pasado, o que fai que a esperable reivindicación de Cádiz desapareza ao servizo das obsesións e intereses, sempre a curto prazo, da política actual. Non é, por suposto, nada novo: reflexionando sobre a historia de España no tránsito do século XIX ao século XX concluía xa fai anos o historiador Santos Juliá que «a representación do pasado cambia a medida que se transforma a experiencia do presente»<sup>12</sup>, o que, a todas luces, explicaría o rechamante desinterese actual por un bicentenario do que resultaba lóxico agardar un entusiasmo institucional que, salvo na capital andaluza, non se ve por parte ningunha.

11 Benjamin Constant, *Principes de Politique, applicables à tous les gouvernements représentatifs et particulièrement à la Constitution actuelle de France, en Oeuvres complètes (IX, 2), Principes de politique et autres écrits (juin 1814-juillet, 1815)*, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, 2001, p. 773.

12 Santos Juliá, «Anomalía, dolor y fracaso de España», en *Claves de Razón Práctica*, n.º 66 (1996), p. 21.

# Regap

Estudios e notas

1



# *Smart, smarter, smartest regulation:* números contra adxectivos. Os custos administrativos contra a economía produtiva.

43 Regap

JOSÉ MANUEL BLANCO GONZÁLEZ  
Economista  
Lic. en Dereito  
Lic. en CC. Políticas e da Administración

Regap

ESTUDOS E NOTAS

*«Os homes só aceptan o cambio resignados pola necesidade e só ven a necesidade durante as crises»*

(Jean Monnet, pai fundador da Europa unida)

España é unha nación moi literaria. Acumula seis premios Nobel en literatura. Só dous en medicina. Cero en ciencias puras ou en economía, esa lúgubre disciplina que non é científica nin exacta, pero que tampouco pode ser entendida sen cifras. Polo que se ve, en España interesa máis o fomento das letras que o dos números, a retórica máis que o método científico. Este é o gran *handicap* nacional, que transcende a gobernos e réximes. Así non é de estrañar que ao analizar como se elaboran as súas normas xurídicas se comprobe que interesa máis o estilo que o impacto, máis a gramática que a aritmética.

Puidemos cambiar esta discapacitante tendencia con homes como Echegaray, o noso primeiro Nobel, xigante intelectual sen parangón no servizo público dos nosos días, capaz de escribir tratados de matemática e termodinámica, á vez que exercía de exitoso dramaturgo, e de Ministro de Fomento e Facenda en sucesivos gobernos, impulsando a creación do Banco de España como verdadeiro Banco Nacional. Porén, nin sequera este Don José foi capaz de inverter o curso do Dereito Administrativo español, en canto atinxe a primar o que se pode contar con números fronte ao que se conta sen eles.

Mostra desta invalidez conceptual é que entre as nosas Administracións Públicas (AA.PP.) se confunden as memorias económicas coas orzamentarias, se aínda se poden denominar así,



vista a súa indixencia intelectual. Non é raro pois neste escenario que as escasas memorias económicas merecedoras da devandita denominación, que acompañan a proxectos de leis e regulamentos en España, se constrúan *ad hoc* para xustificar a viabilidade da norma — como non podía ser doutro modo—, e que se centren no seu impacto sobre os ingresos e/ou os gastos públicos inducidos, ignorando a súa ampla incidencia sobre os operadores privados e o mercado.

Esta anomalía estrutural, impropia dun país que desexa incorporarse definitivamente á liga dos máis avanzados, atópase tan estendida que xa non só se cronificou no Poder Executivo e no Legislativo, que a toleran e adoecen de persoal capacitado entre os seus altos funcionarios para suplir esa carencia, senón que mesmo contaxia viralmente ao Poder Xudicial.

Unha boa mostra dese contaxio ao Poder Xudicial podemos atopala na Sentenza do Tribunal Supremo de 15 de xullo de 2010, na que se pronuncia sobre a idoneidade xurídica do procedemento de elaboración do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Na devandita Sentenza, ao valorar o Tribunal se a pertinente memoria económica que debía acompañar ao proxecto era merecedora ou non desa cualificación, conclúe que non no seu Fundamento Xurídico cuarto, para inferir despois que, con todo, as súas consecuencias reais son irrelevantes para os destinatarios da norma (resaltamos en letra grosa e con subliñado os aspectos máis transcendentales para o noso estudo):

*«**CUARTO.**- O artigo 24.1 da Lei 50/1997 esixe que coa iniciación do procedemento de elaboración dun regulamento se achegue unha **memoria económica** que conteña a **estimación do custo a que dará lugar.***

*Conforme sinala entre outras moitas sentenzas a de 27 de novembro de 2006 (recurso 51/2005), tanto a memoria económica como a xustificativa poden ser sucintas, como di o artigo 24.1.f) da Lei do Goberno, pero deben cumprir a finalidade a que responden, a cal non é outra que **proporcionar ao Goberno unha información sobre os custos que as medidas adoptadas poden supoñer a fin de que, contraponendo estas coas vantaxes que aquelas haxan de representar, evidenciadas na memoria xustificativa, a decisión se adopte con **coñecemento de todos os aspectos, tanto negativos como positivos, que a aprobación do regulamento pode significar.*****

*Na sentenza xa citada de 12 de maio de 2009 concréntanse aqueles **extremos que a memoria económica debe conter, a saber: 1.- Se vai supoñer incremento dos gastos xa orzamentados polo Estado. 2.- Se é execución dunha partida orzamentaria aprobada. 3.- Se ten incidencia económica na sociedade ou nos seus destinatarios.***

*Sen dúbida a memoria económica é un documento de relevancia singular no procedemento de elaboración regulamentaria. **Os conceptos de boa administración e de calidade da actividade administrativa, cobran todo o seu protagonismo no momento de concretar os custos económicos e financeiros que a aplicación dunha norma regulamentaria pode supoñer. O deber de boa administración, dun bo facer administrativo no exercicio da potestade regulamentaria, esixe un especial coidado á hora de estudar as consecuencias económicas que a implantación da nova normativa leva consigo.***

**A ausencia dun estudo económico rigoroso pode producir, e exemplos hai diso, que as disposicións regulamentarias queden <<en papel mollado>>, carentes de virtualidade práctica, ben por ausencia de partidas orzamentarias ou vías de financiamento, sen dúbida os supostos máis frecuentes, ben por non ter ponderado a carga económica que á sociedade en xeral, e, en particular, aos singularmente afectados, supón a aplicación da norma regulamentaria.**

*Feitas as consideracións anteriores que han de empregarse como pautas interpretativas para valorar se se deu cumprimento á esixencia do artigo 24.1.a) da Lei do Goberno, recoñecendo que a memoria económica elaborada non contén unha soa cifra, aínda así, contrariamente ao que sostén a recorrente, non cabe observar sen máis a ausencia dun estudo económico da futura regulación, se por tal debe entenderse aquel que proporciona un coñecemento dos custos de implantación.*

**Non esixíndose máis que unha memoria sucinta (artigo 24.1.f) Lei 50/1997), non pode pretenderse que a elaborada para o Regulamento que nos ocupa conteña cifras económicas.** *Tal pretensión excede do carácter conciso que prevén o citado artigo 24.1.f).*

**A lectura da memoria elaborada, obrante aos folios 970 a 988 do expediente (documento número 9) revela, sen ningún xénero de dúbida, que contén un estudo económico suficiente que de ningún modo pode cualificarse de vago, xenérico e inservible, adxectivos todos eles empregados pola recorrente.**

**A afirmación na memoria económica de que a disposición proxectada non implica incremento de gasto nin diminución de ingreso algún para a Facenda Pública e que só desde a perspectiva económica que lle corresponde merecen especial atención as medidas de seguridade esixibles para os tratamentos de datos, coa advertencia de que os automatizados non teñen custos económicos, dado que a maior parte das medidas xa foron implantadas coa anterior normativa, e coa precisión de que as dúas non automatizadas inciden esencialmente en cuestións de tipo organizativo e na adquisición de mobiliario de seguridade (armarios pechados, portas, chaves, ...), certamente non hai razón para dudar da suficiencia da memoria, máxime cando, malia as consideracións precedentes, con apoio nunha mostraxe de 893.568 ficheiros, se realiza un estudo dos custos da aplicación das medidas ao longo de oito páxinas que ademais se acompaña dun anexo doutras 25 páxinas no que se reflicte, con marcado detalle, a incidencia económica que esa aplicación pode supoñer.**

*Para insistir na falta de razón que asiste á recorrente é de indicar que no desenvolvemento argumental do motivo impugnatorio non se expresan cales preceptos regulamentarios teñen unha incidencia económica e cales, malia esa incidencia, non son obxecto de estudo na memoria. Certo é que fai mención ao informe do Ministerio de Economía e Facenda, transcribíndoo parcialmente, puidendo lerse no texto transcrito o seguinte: “Sería conveniente contar cunhas Memorias Xustificativas e Económicas máis completas que permitan a axeitado análise do Proxecto. En particular, bótase en falta unha análise específica das condicións en que se desenvolve a actividade de determinados sectores como os dedicados ao*



*tratamento de datos sobre insolvencia ou para usos promocionais, nos que o regulamento ten unha incidencia máis significativa". Pero fácil é colixir da lectura do texto que non se afirma nel un insuficiente estudo económico sobre os sectores que refire e si a inexistencia dunha análise específica da actividade que neles se desenvolve, cuxa repercusión económica polo menos implícitamente se nega na memoria ou se considera de escasa transcendencia.*

*A afirmación da recorrente relativa a que as carencias denunciadas produciron unha desfeita económica xeneralizado no sector, co conseguinte peche de numerosas empresas, ademais de carecer de apoio probatorio, de ser certa nin sequera constituiría un indicio de hipotéticas deficiencias da memoria.*

***A idea ou consideración de que o estudo económico da implantación dunha norma como a que nos ocupa ofrece grandes dificultades en canto afecta esencialmente ao sector privado, á economía das empresas, así como a relativa a que a repercusión económica nas distintas empresas do sector depende de múltiples factores (tamaño dos ficheiros, medidas de seguridade con anterioridade adoptadas, etc.), xunto á das consecuencias que comporta a nulidade dunha norma regulamentaria que incide en dereitos fundamentais, impide, sen dúbida ningunha, apreciar o defecto procedemental denunciado de insuficiencia da memoria.***

*Aínda que o exposto se trata dun argumento que contrapón o interese xeral representado polo mantemento da norma fronte ao concepto de boa administración, relegando a nulidade do procedemento aos supostos de extrema gravidade, e que obviamente ha de ser aplicado con cautela, en atención ao caso concreto, ningún inconveniente hai para a súa aplicación no caso de autos en que **as deficiencias da memoria económica, mesmo con independencia das dificultades na súa elaboración, non alcanzan un grao de importancia tal que permitan considerala como inútil ou insuficiente.** Así o entendeu tamén o informe do Consello de Estado cando conclúe que entende suficientemente atendidas as prescricións normativas que para a elaboración das disposicións regulamentarias prevén o ordenamento xurídico. Certo é que o informe do devandito órgano consultivo é crítico cando expresa que "... a memoria económica proporciona estimacións aproximadas do número e porcentaxe de ficheiros que se verán potencialmente afectados polo novo Regulamento, **ofrecendo cifras estimativas dos custos (sic)** que a implantación das medidas de seguridade representarán para os responsables de ficheiros privados automatizados e non automatizados, e os que haberán de asumir os titulares dos ficheiros que haxan de implantar, en virtude da nova regulación, un nivel maior de seguridade" e cando advirte que a conclusión da memoria relativa á ausencia de impacto económico na Facenda Pública contrasta co informe do Ministerio do Interior que expresa que a adaptación das medidas de seguridade afecta aos ficheiros de utilidade pública; pero aínda cando se aceptara ou se dese por boa a devandita crítica, aínda así as carencias apuntadas non determinan a nulidade pretendida.»*

Aparte da confusión de afirmar polo Tribunal que a memoria económica non conteña unha soa cifra, e reproducir ao tempo a referencia do Consello de Estado a cifras na devandita memoria, existe outro aspecto capital que merece a pena tratar.

Certo é que o artigo 24 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno non precisou que se debía incluír na memoria económica, sucinta ou non sucinta. Pero mesmo para un non



economista debora ser estraño que algo que se denomina “*memoria económica*” non teña nin unha soa cifra económica. Cousa distinta será a calidade técnica da prognose económica, que a miúdo haberá de ser contrastada *a posteriori* con estudos analíticos de custos, pero pensar que se pode falar de medir o impacto económico dun proxecto normativo sen empregar cifras, é mesmo máis absurdo que prohibir os adxectivos aos xuristas. Desde logo, isto de facer economía sen cifras será moi natural en España, pero resultaría obxecto de escarnio, mofa e befa noutros lares e latitudes.

Nin sequera a desordenada Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible, ditada ante unha situación de emerxencia económica nacional, se atreveu a entrar no núcleo do problema. Non obstante, a ubicación preferencial da “*mellora da calidade da regulación*” no Capítulo I do Título I da Lei —“*Mellora do ámbito económico*”—, denota que algo se avanzou no diagnóstico e na comprensión da etiología do problema estrutural español, en canto á súa falta de competitividade e á ausencia dunha sólida industria e de servizos avanzados xenuinamente españois —a industria farmacéutica e química, así como a do motor, son bos expoñentes diso—. Por desgraza, apenas se avanza non obstante nas terapias regulatorias, para facilitar a creación e desenvolvemento de PEMEs nesas e noutras áreas que van á cabeza, nas que *a priori* dispoñemos dun gran capital humano, como o demostra o número e recoñecemento de profesionais que traballan en multinacionais e en prestixiosas entidades foráneas. PEMEs que, á súa vez, deben ser a materia prima do que Joseph Alois Schumpeter denominou ‘*creative destruction*’, —“*schöpferischen Zerstörung*”—, ou sexa, o competitivo xerme de empresas que alcancen certa dimensión no futuro pola vía da innovación e a mellora de procesos produtivos. Pero, claro, para iso hai que facilitar o previo nacemento de moitas PEMEs e non abortalo.

En efecto, o artigo 4.3 da Lei de Economía Sostible (LES), é unha mostra de vacuidade e reiteración retórica, sen avanzar nin un ápice en canto a precisión mensurable ou cuantificable respecto do que xa dispoñía, p.e., a Directiva Servizos (DS)<sup>1</sup> e a súa normativa específica de transposición<sup>2</sup>:

ART. 4.3 LES	DS	NORMATIVA DE TRANSPOSICIÓN DS
En virtude do principio de <b>proporcionalidade</b> , a iniciativa normativa que se propoña deberá ser o instrumento máis axeitado para garantir a consecución do obxectivo que se persegue, <b>tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas</b> e menos distorsionadoras que permitan obter o mesmo resultado.	(Art. 9.1.c): Os Estados membros só poderán supeditar o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio a un réxime de autorización cando se reúnan as seguintes condicións: (...) o obxectivo perseguido non se pode conseguir mediante unha <b>medida menos restritiva</b> , en concreto porque un control <i>a posteriori</i> se produciría demasiado tarde para ser realmente eficaz. (Art. 15.3.c: Requisitos por avaliar):	(Art. 5.c. Lei paraugas): A normativa reguladora do acceso a unha actividade de servizos ou do exercicio da mesma non poderá impoñer aos prestadores un réxime de autorización, salvo excepcionalmente e sempre que concorran as seguintes condicións, que haberán de motivarse suficientemente na lei que estableza o devandito réxime. (...) <b>Proporcionalidade</b> : que o devandito réxime sexa o instrumento máis axeitado para garantir a consecución do obxectivo que se persegue porque <b>non existen outras medidas menos restritivas</b> que permitan obter o mesmo resultado, en particular cando un control <i>a posteriori</i> se producise demasiado tarde para ser realmente eficaz. (...)

1 Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006 relativa aos servizos no mercado interior. (DOUE L 376, de 27.12.2006).

2 Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. (BOE n.º 283, de 24.11.2009): Lei paraugas da DS.  
Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. (BOE n.º 308, de 23.12.2009): Lei ómnibus da DS.



	<p>Os Estados membros comprobarán que os requisitos contemplados no apartado 2 cumpran as condicións seguintes:</p> <p><b>proporcionalidade:</b> que os requisitos sexan axeitados para garantir a realización do obxectivo que se persegue e non vaian máis alá do necesario para conseguir o devandito obxectivo e que <b>non se poidan substituír por outras medidas menos restritivas</b> que permitan obter o mesmo resultado.</p>	<p>(Art. 1 Lei ómnibus, que da nova redacción ao art. 84 (2) da <i>Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local</i>): A actividade de intervención das Entidades locais axustarase, en todo caso, aos principios de ... <b>proporcionalidade</b> co obxectivo que se persegue.</p> <p>(Art. 2 Lei ómnibus, que engade o art. 39 bis á Lei 30/1992, de 26 de novembro, RXAP-PAC): <b>Artigo 39 bis. Principios de intervención das Administracións Públicas para o desenvolvemento dunha actividade.</b> 1. As Administracións Públicas que no exercicio das súas respectivas competencias establezan medidas que limiten o exercicio de dereitos individuais ou colectivos ou esixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, <b>deberán elixir a medida menos restritiva</b>, motivar a súa necesidade para a protección do interese público así como xustificar a súa adecuación para lograr os fins que se persegue, sen que en ningún caso se produzan diferenzas de trato discriminatorias.</p>
--	---	---

En honor á verdade, a LES intenta mellorar a consideración e estima pola avaliación económica dos proxectos normativos, pero sendo filla na súa xénese da mesma Administración que evita diariamente ese exercicio de racionalidade, faino novamente á vella usanza:

«Artigo 5. *Instrumentos das Administracións Públicas para a mellora da regulación.*

*Para contribuír ao obxectivo de mellora da calidade regulatoria e á aplicación dos principios de sostibilidade e boa regulación, as Administracións Públicas:*

1. *Impulsarán os **instrumentos de análise previa de iniciativas normativas** para garantir que se teñan en conta os efectos de todo tipo que estas produzan, **co obxectivo de non xerar aos cidadáns e empresas custos innecesarios ou desproporcionados**, en relación ao obxectivo de interese xeral que se pretenda alcanzar. (...)*

3. *Promoverán o desenvolvemento de **procedementos de avaliación a posteriori da súa actuación normativa**, dispoñendo o establecemento dos correspondentes sistemas de información, seguimento e avaliación.*

Artigo 6. *Adaptación da regulación vixente aos principios de sostibilidade e boa regulación. (...)*

2. *Aos efectos do previsto no presente Capítulo, no marco da **Conferencia Sectorial de Administración Pública, acordaranse e impulsaranse criterios para promover a aplicación dos principios de boa regulación.***

3. *Igualmente, as Administracións Públicas, no marco do **Comité para a Mellora da Regulación das Actividades de Servizos**, cooperarán para **promocionar a análise económica da regulación** e, en particular, evitar a introdución de restricións inxustificadas ou desproporcionadas ao funcionamento dos mercados e impulsar iniciativas de reforma neste ámbito.»*

Por certo, esa Conferencia Sectorial de Administración Pública é a mesma á que a Disposición transitoria sexta da Lei ómnibus, 25/2009, encomendou aprobar o sistema de xes-

tión do “portelo único” da DS (PUDS), ferramenta fundamentalísima para avanzar moito e con custos ínfimos na expansión da regulación intelixente, como veremos. Porén, malia a encomenda, durante o primeiro e capital ano de despregamento da DS en España, cun desemprego atroz que podería paliarse polo menos reducindo os custos de orixe administrativa que pesan sobre os emprendedores, a devandita Conferencia Sectorial nin sequera se reuniu.

Desenganémonos. O problema de fondo non é legal, senón cultural. Cando se fala en España de “técnica normativa” pénsase en todo, menos en números. E os números importan, e importan máis cando a situación económica empeora.

Como pequena proba de contraste científico pódese ver como se fan estas cousas en nacións con menos enxeño literario pero economicamente máis desenvolvidas, como pode ser o caso dos Países Baixos, mesmo para unha norma con escaso impacto económico a nivel macro, e tratándose ademais dunha proposición de Lei, non dun proxecto governamental.

Nos Países Baixos existe unha gran resistencia social a que se críen animais cuxa finalidade exclusiva ou principal sexa o destino das súas peles á industria peleiteira —visóns, raposos, chinchillas, ...—. Pode ser discutible ou non, pero en calquera caso se trata dunha opción de política lexislativa admisible nunha democracia. Nos proxectos normativos barallados, porén, pondérase extraordinariamente o impacto da medida sobre os operadores privados, e como é natural en primeir lugar a situación na que quedarían os criadores e a industria transformadora, non tanto o comercio, xa que este podería seguir realizando a súa actividade recorrendo a manufacturas procedentes doutros provedores europeos ou de terceiros Estados.

¿Por que fan cousas tan raras estes neerlandeses? Pois porque, no fondo, o que se discute cando hai impactos económicos de por medio non é outra cousa que o dereito de propiedade e o dereito á información, cuxos titulares son os contribuíntes. E aquí é onde falla o Ordenamento Xurídico español, coa súa Constitución á cabeza, que non considera á propiedade un dereito fundamental, digno de amparo constitucional.

Na memoria redactada polas autoridades neerlandesas ao remitir o seu texto á Comisión Europea (proxecto 2001/64/NL), o impacto económico dunha disposición tan nimia explícase do seguinte modo:

*«Obriga de indemnización á luz do artigo 14 da Constitución e do artigo 1 do primeiro protocolo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos.*

*Considerouse se, tendo en conta o período transitorio de 10 anos, segue existindo unha obriga de indemnizar aos criadores de visóns. Neste contexto cobran importancia o artigo 14 da Constitución e o artigo 1 do primeiro protocolo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos.*

*O artigo 14 da Constitución contempla a expropiación e a indemnización correspondente. A prohibición da cría de animais de peletería non pode considerarse como privación de propiedade senón como unha limitación do exercicio do dereito de propiedade segundo se menciona no apartado 3 do artigo 14 da Constitución. Conforme ao devandito apartado do artigo, no caso de que se limite o exercicio do dereito de propiedade existe tan só unha obriga de indemnización ou compensación dos danos nos casos estipulados por ou en virtude da lei. Tendo en conta o período transitorio*

de 10 anos, a presente proposición de lei non prevé ningunha indemnización para os criadores de visóns.

*O artigo 1 do primeiro protocolo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos confire a cada persoa natural ou xurídica o dereito de gozar ininterrompidamente da súa propiedade. Establece que ninguén poderá ser privado da súa propiedade agás en caso de interese xeral e nas condicións previstas pola Lei e os principios xerais do dereito internacional, pero sen prexuízo do dereito que teñen os Estados de poñer en vigor as Leis que xulguen necesarias para a regulamentación da propiedade de acordo co interese xeral. Na xurisprudencia do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos desenvolveuse ese concepto. Neste contexto resulta importante saber se unha medida debe ser considerada como privación ou como regulación dunha propiedade. Na privación de propiedade, a autoridade en xeral ten a obriga de fixar unha indemnización, mentres que na regulación de propiedade a indemnización soamente será obrigatoria se o individuo ha de soportar unha carga desproporcionadamente elevada por causa da realización do interese xeral ao que aspira a medida reguladora. O interese xeral reside neste caso na resistencia social á produción de peles. No presente caso non se trata de privación de propiedade. As prohibicións recollidas no artigo 1 da proposición de lei poden ser consideradas como regulación de propiedade de acordo co artigo 1 do primeiro protocolo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos. Polo tanto, non hai por definición unha obriga de indemnización. A este respecto é importante que a introdución da prohibición de criar animais de peletería vaia acompañada dun período transitorio de 10 anos. Deste modo evitase unha desproporción entre os intereses dos criadores de visóns e o interese xeral.»*

Debe lembrarse que a elección do período transitorio non é gratuito, senón que está intimamente relacionado cos períodos de amortización dos activos afectados pola norma. De modo que a memoria económica debe acoutar temporalmente o impacto da regulación, e prever que sucede cos operadores máis damnificados pola súa entrada en vigor:

*«Consecuencias para o sector privado.*

*Os datos que figuran a continuación tomáronse na súa maioría do informe do Sr. Van Noord (páxinas 7 e 8) que se menciona no apartado 4 da presente nota explicativa.*

*Calcúlase que nos Países Baixos hai uns 200 criadores de visóns que crían visóns como actividade principal. Os visóns son sacrificados na empresa do criador de visóns. Cada ano prodúcense no mundo 25 millóns de peles. Dinamarca é con moito, con case o 40% da produción mundial, o produtor máis importante de pel de visón. Os Países Baixos e os Estados Unidos producen cada un un 10% das peles de visón. Para poder seguir satisfacendo a demanda mundial de peles, as explotacións de visóns noutros países aumentarán probablemente se cesa a cría de visóns nos Países Baixos. Non se sabe en que medida os criadores holandeses de visóns están considerando continuar coa súa empresa no estranxeiro.*

*O valor de produción bruto das explotacións de visóns nos Países Baixos é de 125 a 150 millóns de floríns ao ano. Cada ano prodúcense uns 2,5 ou 3 millóns de peles. O beneficio dunha pel oscila entre 30 e 70 floríns, en función da calidade, a demanda e a oferta. O prezo de custo por pel, sen contar a retribución polo traballo e a xestión de empresa, é de máis de 36 floríns. Na explotación de visóns traballan unhas 600*



persoas. Nas aproximadamente 200 explotacións de visóns traballan, aparte dos xefes da empresa, aproximadamente 300 persoas máis (100 membros da familia e 200 terceiros). Ademais, as explotacións de visóns dan traballo a uns 100 traballadores temporais durante unha parte do ano. Estímase que un 20% das empresas constan como sociedade na que un dos proxenitores (normalmente o pai) e un fillo constitúen xuntos unha sociedade, sendo o pai maior de 50 anos. Noutro 20% das empresas, o xefe de empresa é maior de 50 anos. Nas demais empresas o xefe de empresa é menor de 50 anos.

Na industria provedora e compradora, arredor de 450 postos de traballo dependen das explotacións de visóns. O Sr. Van Noord agarda que os traballadores da industria provedora atopen traballo noutro sector. Calcula así mesmo que o traballo na industria compradora e manufactureira desaparecerá tan só en parte. Para as casas de poxas internacionais que residen nos Países Baixos sobre todo, agarda que as consecuencias sexan menos importantes que para o comercio de peles holandés.

A avaliación do plan de traballo en 1998 puxo de manifesto que practicamente todos os criadores de visóns levaran a cabo a primeira fase do plan de traballo. Segundo o informe do Sr. Van Noord, os investimentos realizados para iso polas empresas son da orde de 60 millóns de floríns (unha media de 300.000 floríns por empresa). Subliña que ademais, en case todas as empresas se investiu recentemente na instalación de sistemas de abono de baixo nivel de emisións, o que representa outros 60 millóns de floríns. En total chegamos a unha media de 210 floríns por cadela de cría. O Sr. Van Noord prevé que os investimentos realizados poderán recuperarse, cos beneficios actuais (1999), nun prazo de 10 anos. Non obstante, sinala que os prezos son imprevisibles e se caracterizan por seguir un curso cíclico. Polo tanto, ao período actual cun alto nivel de beneficios podería seguir un período con beneficios máis baixos.

As empresas que se ocupan da instalación das explotacións de visóns xa notan, segundo o informe do Sr. Van Noord, as consecuencias da moción. Estas empresas anticipáronse á segunda fase do plan de traballo. Non obstante, moitos criadores de visóns, tendo en conta a moción, desistiron de realizar máis investimentos.

Os matadoiros de aves de curral e a industria transformadora de peixe que subministran a materia prima para os pensos dos visóns necesitarán abrir novos mercados se se chega á prohibición total da cría de animais de peletería. O informe do Sr. Van Noord indica que as estimacións sobre os gastos relacionados con iso oscilan entre 2 e 5 millóns de floríns.»

Que diferenza coa postura española. Tanta molestia por 200 modestos criadores. A cuestión, insisto, é que non estamos ante un problema xurídico ou sequera político, senón cultural. Ninguén afirma, —salvo algún economista chalado— que o Executivo ou o Lexislativo dun Estado democrático estean atados polas memorias económicas á hora de ponderar o interese xeral cando deben tomar decisións, a miúdo impopulares. **O que se discute é o dereito a saber, a medir e a contar, mesmo cando haxa que aprobar medidas que parezan antieconómicas.** E, con el, o dereito dos cidadáns a ver respectados os seus dereitos fundamentais, entre os cales se atopa o dereito á propiedade. Porque, aínda que a Constitución Española non considere a propiedade un dereito fundamentalísimo, resulta que o é a teor do referido Protocolo do Convenio europeo para a Protección dos Dereitos

Humanos e das Liberdades Fundamentais<sup>3</sup>, e do artigo 17.1 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea<sup>4</sup>.

Outro tanto fixo o Reino Unido nun caso similar comunicado á Comisión Europea (1999/547/UK):

«23. Hai actualmente 13 instalacións de cría de visóns; todas están en Inglaterra, aínda que o Proxecto de Lei se aplica a Inglaterra e Gales.

24. Os custos para a industria serían a perda de ingresos e os activos que non puidesen ser empregados para outros fins. Os activos principais da cría de animais de peletería inclúen o terreo, os edificios e equipos, os animais de cría e os animais novos (para sacrificalos). Non habería ningunha perda en relación co terreo xa que tería outros usos. Unha parte dos activos de uso xeral pode venderse e os activos especializados amortizaranse parcialmente. A vida media dos animais de cría é duns tres anos e os animais novos sacrificanse nun prazo de 12 meses. Por conseguinte, nun período de adaptación de entre dous e tres anos, desperdiciariase proxenie dun ano. Os custos netos reais variarán de acordo coas características de cada negocio en particular. (...)

26. Estímase que o custo de compensación segundo o Proxecto de Lei para as trece instalacións de cría de visóns actuais podería chegar, en relación cos activos, ata £ 400.000 e quizais catro veces esta cantidade se houbese que compensar os ingresos.»

Como se pode constatar, o característico de España non son as corridas de touros, ou a prohibición das corridas de touros en diversas CC.AA., senón —na nosa castiza técnica normativa, se fose merecedora desa cualificación— o despacho do molesto trámite de avaliación económica con lacónicas e rutineiras expresións, entre as que destaca “a norma carece de incidencia orzamentaria”, delatando de novo a grave confusión intelectual entre o impacto para a Administración e o impacto para os administrados. Como anécdota, as corridas de touros poderán prohibirse ou non, pero convén saber canto custa a devandita medida e se alguén ten dereito a ser indemnizado, estimando *a priori* o custo das indemnizacións. E quen fala de touros, fala tamén de infinidade de requisitos e cargas administrativas diversas, sobre todo obrigas de facer, que van introducindo area de forma paulatina na engrenaxe das empresas.

Parece obvio que con esta óptica, segundo a cal o orzamentario e o económico son perfectos sinónimos, e os números que afectan aos cidadáns nada valen fronte aos substantivos

3 [http://www.echr.coe.int/NR/rdonlyres/1101E77A-C8E1-493F-809D-800CBD20E595/0/ESP\\_CONV.pdf](http://www.echr.coe.int/NR/rdonlyres/1101E77A-C8E1-493F-809D-800CBD20E595/0/ESP_CONV.pdf) :

Toda persoa física ou moral ten dereito ao respecto dos seus bens. Ninguén poderá ser privado da súa propiedade senón por causa de utilidade pública e nas condicións previstas pola lei e os principios xerais do Dereito Internacional.

As disposicións precedentes enténdense sen prexuízo do dereito que posúen os Estados de ditar as leis que estimen necesarias para a regulamentación do uso dos bens de acordo co interese xeral ou para garantir o pagamento dos impostos, doutras contribucións ou das multas.

4 Artigo 17

Dereito á propiedade.

1. Toda persoa ten dereito a gozar da propiedade dos bens que adquirise legalmente, a usalos, a dispoñer deles e a legalos. Ninguén pode ser privado da súa propiedade máis que por causa de utilidade pública, nos casos e condicións previstos na lei e a cambio, nun tempo razoable, dunha xusta indemnización pola súa perda. O uso dos bens poderá regularse por lei na medida en que resulte necesario para o interese xeral.

(1. Declaración (Tratado de Lisboa) relativa á Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

A Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que ten carácter xuridicamente vinculante, confirma os dereitos fundamentais garantidos polo Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais e tal como resultan das tradicións constitucionais comúns aos Estados membros.)



e, sobre todo, os adxectivos emanados do poder normativo, non gozamos do mellor ámbito cultural para convencer aos poderes públicos de que **paga a pena ditar disposicións máis intelixentes, e tamén de modo máis intelixente, para axudar ás empresas e os emprendedores**. Porque, ao cabo, axudar ás empresas desta maneira é máis ecuánime e máis rendible que outorgar unhas cantas subvencións discrecionais a unhas poucas sociedades mercantís, ademais de redundar na consecución dunha estrutura económica máis sólida e con custos máis axustados e competitivos.

Neste contexto, a iniciativa comunitaria '**Smart Regulation**' ("*Lexislación intelixente*") é hoxe máis imprescindible que nunca. A aposta por unha "*lexislación intelixente*" pode implicar unha gran aportación á produtividade e a competitividade europeas no ámbito mundial, á vista das restricións no acceso ao crédito bancario e da constante loita na redución de custos estruturais, que os europeos debemos acometer para manter o noso liderado nos ámbitos industriais nos que aínda imos á cabeza, así como no sector terciario. Os novos e grandes competidores internacionais están ás nosas portas.

Para dispoñer dunha lexislación intelixente é requisito preclusivo lexislar mellor, e **non se pode lexislar mellor se non avaliamos correctamente o impacto das propostas normativas**. O devandito impacto pode estudarse no ámbito económico, social ou medioambiental. Aquí centrarémonos no aspecto económico, pero debe quedar claro de antemán, como xa se apuntou, que a avaliación é unha ferramenta ao servizo da toma de decisións, non un substitutivo dela.

É máis, para que o asunto sexa doadamente abordable, debemos centrarnos nun elemento capital da avaliación do impacto económico das normas, que atinxe aos **custos das cargas administrativas**, por ser estes especialmente opacos, sen que por iso deixen de gravar de forma moi determinante sobre os custos estruturais que padecen as empresas, e que ao final obstaculizan a súa competitividade internacional.

O 24 de xaneiro de 2007, a Comisión Europea fixo pública a súa Comunicación denominada "*Programa de Acción para a Redución das Cargas Administrativas na Unión Europea*"<sup>5</sup>.

En síntese, pode dicirse que dentro dunha estratexia integrada a favor do crecemento e o emprego, o que propoñía a Comisión era reducir nun 25% as cargas administrativas ás empresas ata 2012, co imprescindible concurso do Consello e dos Estados membros. Os beneficiarios desta iniciativa deberan ser principalmente as PEmEs e, por extensión, os consumidores e usuarios, que verían trasladar aos prezos finais dos bens e servizos a previa redución dos custos empresariais, sen esquecer o efecto que engadiría o incremento da oferta.

Aclara a Comisión, e convén salientalo, que esta iniciativa non implica unha desregulación, nin unha renuncia a determinados obxectivos nas diversas políticas públicas, senón facer as cousas doutro modo, dun modo máis eficiente.

Así, o horizonte "*que se propón, en suma, é que a Comisión, coa axuda dos Estados membros, mida as cargas administrativas relacionadas coa lexislación comunitaria e a transposición nacional e elabore propostas de redución axeitadas, mentres os Estados membros*

5 COM(2007) 23 final.  
<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2007:0023:FIN:ES:DOC>

*miden e reducen as cargas administrativas impostas pola lexislación nacional e rexional en sentido estrito", (op.cit., p.3, in fine).*

Con todo, a iniciativa da Comisión resulta sumamente modesta, porque nin sequera considera entrar inmediatamente no núcleo duro do que na doutrina anglosaxona se denomina como *'red tape'* —v.gr. os condicionantes de instalacións, equipamentos ou sistemas que inflan os custos fixos de calquera actividade produtiva—, senón que se centra nos custos de xestión:

*"Os requisitos administrativos son un determinante importante do ámbito empresarial na medida en que obrigan a empresas de toda a UE a pasar unha parte considerable do seu tempo cumprindo impresos e facendo declaracións sobre cuestións do máis heteroxéneo. Estímase que estes custos se sitúan arredor do 3,5 % do PIB da UE. Se se reducisen, por exemplo, as declaracións innecesarias, o persoal dunha empresa podería dedicar máis tempo ás súas actividades económicas básicas, o que permitiría, á súa vez, reducir os custos de produción e realizar novos investimentos e innovacións, coa conseguinte mellora da produtividade e a competitividade en xeral."*

Os principios que manexa a Comisión Europea para amortecer as cargas administrativas concéntranse en tarefas como:

- Reducir a frecuencia das declaracións obrigatorias aos niveis mínimos necesarios e harmonizar a frecuencia das declaracións.
- Verificar que a mesma obriga de información non se impón varias veces por canles diferentes e eliminar os casos de solapamento.
- Substituír a recollida de información en soporte papel por declaracións electrónicas en portais intelixentes.
- Introducir alcores para os requisitos de información para as PEME ou recorrer a métodos de mostraxe.
- Ponderar o risco de cada actividade e cada declarante, fronte as obrigas indiscriminadas de subministro de información.
- Reducir ou suprimir os requisitos de información impostos por normas superadas pola realidade (obsolescencia normativa).
- Facilitar informes vinculantes como aclaración oficial.

O obxectivo de reducir as cargas administrativas nun 25% ata 2012 resulta loable, pero non ataca o fundamental: as duplicidades e a concatenación de ineficiencias entre diversos departamentos dunha mesma Administración, ou entre distintas administracións, por non falar do disparate de articular irracionais medidas de fomento, xa que ao dano que xeran por introducir vantaxes anticompetitivas respecto dos non beneficiarios sumariánselle os custos inducidos entre os peticionarios que non resultan ser beneficiarios ao cabo. Por iso, a estimación da Comisión de que esta iniciativa podería propiciar un aumento do PIB da UE da orde do 1,4 % (é dicir, uns 150.000 millóns de euros) a medio prazo, resulta pouco verosímil, aínda que sen dúbida vai na boa dirección.





En resumidas contas, a folia de ruta presentada pola Comisión quedou plasmada neste cronograma da *Comunicación sobre o Programa de Acción para a Redución das Cargas Administrativas* na Unión Europea:

2006	2007				2008		2009	2010-2012	2012
	Xaneiro	Marzo	Maio	Outubro	Outubro	Decembro	Consello de Primavera		Consello de Primavera
<p><b>1. Nivel comunitario</b></p> <p>Estudo piloto para: - Delimitar os ámbitos prioritarios (a nivel nacional e da UE) - Acadar un acordo metodolóxico</p> <p>↓</p> <p>Análisis estratéxico do Programa "Lexislar mellor"</p> <p>↓</p> <p>Informe anual de evolución Actualizar o proxecto sobre a carga administrativa Programa de simplificación</p>	<p>Conclusións do Consello Europeo sobre o Programa de acción (obxectivo estratéxico)</p> <p>↙ ↘</p> <p>Programa de acción para a redución das CA Ámbitos prioritarios Frutos maduros Medición (que/quen) Obxectivos cuantificados</p> <p>Posta en marcha do exercicio de medición e redución da carga</p>				<p>OBXECTIVOS CUANTIFICADOS Proposta da Comisión e accións de decisión e aplicación</p>		<p>Adopción de obxectivos cuantificados específicos para a redución das CA a raíz dun informe sobre o Programa de acción</p>	<p>Presentación continua de propostas legais para reducir as CA</p>	<p>Fin do programa</p>
<p><b>2. Estados membros</b></p>	<p>Exercicio de medición en curso</p> <p>Dan conta da situación en los informes de evolución</p>				<p>Os Estados membros cuantifican os obxectivos nacionais e seguen a dar conta da súa aplicación</p>		<p>Seguen dando conta da situación nos informes de aplicación</p>	<p>Acordan propostas de redución e modifican a lexislación nacional, incluídas as medidas de transposición</p>	

Programa para a Redución das Cargas Administrativas

En España, a iniciativa comunitaria foi liderada polo Ministerio de Política Territorial e Administración Pública (MPT)<sup>6</sup>. Esta decisión en canto ao liderado administrativo non parece moi afortunada, e desde logo non se corresponde coa decisión adoptada en canto á responsabilidade sobre a transposición da Directiva Servizos (DS), que como salientaremos, conflúe coa iniciativa de redución de cargas administrativas nun sector fundamental da economía, que abarca arredor de 2/3 do PIB, aínda que siga outro camiño e empregue outras técnicas e instrumentos, tal e como recoñece o MPT, ao destacar como unha das principais aportacións á redución de cargas administrativas da Administración Xeral do Estado transformar réximes de autorización en declaracións responsables. **Transformación, por certo, forzada pola devandita Directiva, e non pola graza ou magnificencia do lexislador.**

España, como irónicamente non podía ser menos, expresou o seu desexo de superar o obxectivo de reducir as cargas administrativas nun 25%. O Grupo de Alto Nivel (GAN) creado por Acordo do Consello de Ministros de 4 de maio de 2007, elaborou un Plan de Acción para a redución de cargas administrativas, que foi aprobado por Acordo do Consello de Ministros de 20 de xuño de 2008, elevando o obxectivo de redución non ao 25%, senón ao 30% das cargas administrativas. En modestia non hai quen nos gañe. Se se conseguisen

6 [http://www.mpt.gob.es/es/areas/funcion\\_publica/iniciativas.html](http://www.mpt.gob.es/es/areas/funcion_publica/iniciativas.html)



alcanzar os obxectivos previstos, o aforro de custos para as empresas españolas rondaría os 15.000 millóns de euros.

O curioso do balance que realiza o MPT sobre as cargas administrativas máis frecuentes ás que se enfrontan as PEMEs españolas<sup>7</sup> —dito sexa tamén ironicamente—, é que gardan unha íntima relación coa DS, na parte máis central do ‘red tape’ español. E, claro, entón xa non se pode falar dun exercicio voluntario ou voluntarista, senón dunha estrita e moi acreditada obriga xurídico-comunitaria.

Como exemplo das devanditas cargas administrativas máis usuais, o MPT selecciona estas:

- *Presentar unha solicitude para obter a autorización de apertura do meu supermercado.*
- *Presentar unha declaración responsable para iniciar a actividade de reparación de vehículos no meu taller.*
- *Recompilar e presentar os mesmos documentos cada vez que solicito unha subvención.*
- *Formalizar en documento público a compra do local onde montarai o meu negocio.*
- *Conservar as miñas facturas para o pagamento de tributos e levar un libro de rexistro.*
- *Informar a terceiros e á Administración sobre o consumo enerxético dos electrodomésticos que vendo colocando as correspondentes etiquetas.*
- *Presentar informes ou memorias e facer as inspeccións de calidade, das instalacións e da maquinaria do meu taller.*

Por iso non é de estrañar que entre os logros apuntados polo MPT<sup>8</sup>, mereza unha mención de honra “*Transformar réximes de autorización por réximes de declaración responsable (Lei 17/2009, de 23 de novembro e modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro)*” (sic), ou o que é o mesmo, transpoñer a DS, como, por outro lado, é ineludible obriga de todo Estado da Unión.

Agora ben, se somos rigorosos —igual que se esixe na malentendida memoria económica dun proxecto normativo—, sería aconsellable realizar algo parecido a un *contraste de hipótese* ou *proba de significación*, como os que se efectúan nos saberes empíricos. A este fin, e considerando a existencia dun Convenio de colaboración MPT-Consello Superior de Cámaras de Comercio-CEOE-CEPYME desde 2008, non estaría de máis analizar os seus informes dos últimos exercicios.

Centrándonos nas cargas xerais ou transversais que atinxen aos emprendedores, xa no informe CEOE-CEPYME de 2009, constan as seguintes recomendacións:

- Eliminación na práctica da obriga de aportar fotocopia do DNI.
- Reducir prazos para obter licenzas de actividade empresarial.

7 [http://www.mpt.gob.es/dms/es/areas/funcion\\_publica/iniciativas/normativa-es/parrafo/2/03\\_Cargas\\_mas\\_frecuentes\\_PYMES.pdf](http://www.mpt.gob.es/dms/es/areas/funcion_publica/iniciativas/normativa-es/parrafo/2/03_Cargas_mas_frecuentes_PYMES.pdf)

8 [http://www.mpt.gob.es/dms/es/areas/funcion\\_publica/iniciativas/normativa-es/parrafo/2/04\\_Principales\\_reducciones\\_cargas\\_en\\_normas.pdf](http://www.mpt.gob.es/dms/es/areas/funcion_publica/iniciativas/normativa-es/parrafo/2/04_Principales_reducciones_cargas_en_normas.pdf)

- Tramitación electrónica das licenzas de actividade empresarial.
- Evitar duplicidades nos requisitos de información esixidos polas diferentes AA.PP. na tramitación de licenzas de actividade empresarial.
- Aprobar licenzas provisionais de funcionamento mentres non se realizan as visitas técnicas de comprobación.
- Deseño dun documento (administrativo) único de información ás AA.PP.

Destas recomendacións para afrontar as seis cargas administrativas máis usuais segundo os empresarios, a primeira carga xa non debera ser tal en 2009, a teor do Real Decreto 522/2006, de 28 de abril, polo que se suprime a aportación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración Xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, polo menos para a AGE, e que debera ser mimeticamente copiado polas restantes AA.PP. Pero no que atinxe ás cinco cargas restantes, todas entran no terreo da DS, operativa desde o día dos santos inocentes de 2009, polo menos no que concirne a 2/3 da actividade económica empresarial rexidos pola devandita norma comunitaria, e que pode ser extrapolable ao terzo restante, porque unha vez culminado o cambio de procedementos e sistemas de comunicación *Administración-Administrado*, o coste da súa extensión resulta ínfimo. De feito, a inclusión desa posibilidade na Lei 17/2009 —Lei *paraugas* de transposición da DS— é contundente, ao engadir áreas que en puridade non entrarían na DS, pero que poden sumarse pola loable aposta e vontade estatal de modernizar as nosas AA.PP. e reducir os custos para as empresas:

*“Disposición adicional segunda. Inclusión doutros trámites no portelo único.*

*O portelo único poderá incorporar trámites non incluídos no ámbito de aplicación desta Lei, entre eles os que se realizan ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesorería Xeral da Seguridade Social, e aqueles outros que se consideren necesarios.”*

Tanto é así que, se se exerce esta opción —e é xurídica, económica e politicamente posible, xa que tanto a AEAT como a TXSS, como boas recadadoras, son entidades perfectamente adaptadas á tramitación telemática—, decantaríase un xiro radical no *modus operandi* das AA.PP. españolas, sumándose todas a esta nova cultura, fose por emulación, por vergonza allea ou por presión das organizacións empresariais.

Con todo, un excelente froito da iniciativa ‘*Smart Regulation*’, emprendida pola Comisión Europea e seguida por España, foi a aprobación do *Real Decreto 1083/2009, de 3 de xullo, polo que se regula a memoria da análise de impacto normativo*. Cuestión á marxe á a súa correcta aplicación. Entre os seus logros hai un intelectual de enorme calado: a nítida diferenciación, á fin, entre o impacto económico e o impacto orzamentario.

A plasmación neste Real Decreto do persistente erro histórico na doutrina xurisprudencial española e na propia inercia administrativa, de confundir o orzamentario co económico, como se a parte o fose todo, amosa certo propósito de emenda na súa exposición de motivos, que logo se trasladará ao articulado:

*“Na regulación do seu contido prestouse especial atención á valoración do impacto económico das propostas, **entendida como un concepto máis amplo que a esti-***

**mación do custo orzamentario e facendo fincapé no impacto sobre a competencia, (...)”.**

E xa na parte dispositiva:

“Artigo 2. Estructura e contido da memoria da análise de impacto normativo.

1. A memoria da análise de impacto normativo deberá conter os seguintes apartados: (...)

d) **Impacto económico e orzamentario**, que comprenderá o impacto sobre os sectores, colectivos ou axentes afectados pola norma, **incluído o efecto sobre a competencia, así como a detección e medición das cargas administrativas.**”

**Só cando o impacto económico da norma se estime nulo ou inapreciable poderá prescindirse da avaliación económica**, e polo tanto do seu reflexo na competencia económica, limitándose entón a memoria abreviada á constatación do simple impacto orzamentario, ademais doutros (artigo 3).

Evidentemente esa excepción abre unha porta, ou un portal, á picaresca nacional, á xustificación tautolóxica e puramente ritual na explicación burocrática de por que se prevé nulo ou inapreciable o impacto económico dunha disposición. Porén, grazas aos avances da sociedade da información, e á accesibilidade e transparencia que propicia, será verdadeiramente digno da retórica ciceroniana ver como se xustifica que unha norma non precisa avaliar os custos das cargas administrativas que pode provocar ou inducir, cando outra norma equivalente da Unión Europea, ou dos seus Estados máis serios e rigorosos, si obriga a esa avaliación económica, e ademais con todo luxo de detalles. *Acta non verba*.

Mentres non se comprenda en España que unha correcta xeneralización das xenuinas memorias económicas é imprescindible para axudar á economía produtiva, e en especial ás PEMEs e emprendedores en xeral, pouco se poderá conseguir con outro Real Decreto que introduce a súa propia *'loophole'* ou escapatoria. O importante é cambiar de cultura regulatoria, e non legislar por legislar que imos mudar a nosa cultura regulatoria. A xeneralización desas verdadeiras memorias económicas resulta ademais proveitosa para contrarrestar o poder dos *lobbies* e grupos de presión máis poderosos e mellor conectados, así como para poñer couto á discrecionalidade que, como os vampiros, é incompatible coa luz solar, e que por tanto raia ou se enreda coa arbitrariedade.

Certo é que os números tamén se poden manipular, como sentenciou Disraeli, segundo glosou Mark Twain, ao legarnos a memorable frase: *'There are three kinds of lies: lies, damned lies, and statistics'*. Pero máis certo é que os números, a diferenza dos adxectivos, son ben fáciles de cotexar entre países e administracións, polo que se se sostén, p.e., que unha norma para regular os controis de eficiencia enerxética dos establecementos comerciais inducirá unhas cargas administrativas cun custo de dez millóns de euros anuais en España, mentres en Irlanda se estima en cinco millóns para a norma equivalente, en Dinamarca de doce millóns e en Bélxica de vinte millóns, algo haberá que explicar a maiores sobre a calidade da memoria, non vaia ser que nin se recolla correctamente o número de establecementos comerciais afectados. Logo, ao mellor, talvez haxa que asumir medidas antieconómicas, porque hai bens e valores



axioloxicamente superiores, que os hai e en abundancia —aínda que moitos economistas patolóxicos o dubiden—, pero o dereito a saber canto custan as cousas non se pode negar nunha sociedade democrática e madura.

Con todo, como diría o estoico Lucio Anneo Séneca, *errare humanum est, sed perseverare diabolicum*. Claro que os datos de partida poden estar incompletos, os modelos construídos ser inconsistentes, os cálculos efectuados resultar erróneos e as proxeccións anunciadas devir mendaces. A economía non é unha ciencia, nin natural nin exacta. É unha técnica que se vai perfeccionando de modo paulatino. Unha técnica con menos de tres séculos de traxectoria académica fronte a, por exemplo, os máis de vinte da arte xurídica. Por iso precisa completar a súa análise *ex ante* cunha monitorización *ex post*, que se nutra coa información subministrada polos emprendedores na súa contabilidade, coas súas facturas e reaccións, e, sobre todo, que se enriqueza mediante a comparación de datos reais con outros países e administracións da UE. Para conseguir este desexable fluxo de información unha das ferramentas máis útiles será, cando funcione xa a pleno rendemento, o **“portelo único”** (*point of single contact —psc—*), que por certo xa debera estar funcionando ao 100%, segundo a Directiva Servizos.

### **A autorevisión está ben, pero o contraste externo está mellor: O “portelo único” da DS (PUDS) como “punto único de resposta” (PUR).**

As palabras crean realidades novas. As palabras condicionan as nosas ideas e modulan o noso pensamento. Por iso, denominar con palabras vellas fenómenos novos pode provocar que o novo se confunda co obsoleto e o caduco.

Antes de que existise a Directiva Servizos (DS) xa se falaba en España de *“portelo único”*. Talvez o exemplo máis coñecido sexa o caso do *“portelo único empresarial”*<sup>9</sup>, e o seu logro máis celebrado fose a creación da Sociedade Limitada Nova Empresa<sup>10</sup>, coa súa constitución e rexistro nun prazo de 48 horas, grazas ao concurso do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE), da DG PEME do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, xunto ás Cámaras de Comercio. Con este precedente, e outros que proliferaron por España adiante en concellos, CC.AA. ou colexios profesionais, non é de estrañar que moitos, ao oír que a DS obrigaba a crear un *“portelo único”*, pensasen que eles xa eran a vangarda da modernidade administrativa. Lamentablemente non é así. O *“portelo único”* dunha entidade ou Administración para recibir e tratar os sus asuntos non é en absoluto o *“portelo único”* do que fala a DS —chamémolo *“PUDS”*—, nin moito menos o é un rexistro administrativo único, ou a conexión e coordinación de varios rexistros de diversas AA.PP. **O PUDS é unha nova institución xurídica, que pouco ou nada ten que ver con aqueles pomposos “portelos únicos”.**

O lexislador español que traspuxo a DS tampouco axudou moito a comprender este galimatías, xa que el mesmo denominou *“portelo único colexial”* ao sistema de acceso telemático aos colexios profesionais, que por lóxica só serve para que os colexiados, ou os que pretendan facer xestións co concreto colexio profesional, accedan ao devandito colexio. Se un fontaneiro pretende obter información ou cursar unha declaración responsable da

9 <http://www.ventanillaempresarial.org/>

10 Lei 7/2003, de 1 de abril, que modifica a Lei 2/1995, de 23 de marzo, de Sociedades de Responsabilidade Limitada



súa empresa ante o “*portelo único*” do colexio de xoieiros de Cantabria, ou do venerable colexio médico de Barcelona, iría moi desencamiñado. Se a iso lle unimos que tras máis de dous anos desde a data límite de transposición da DS —que serían cinco anos xa desde a súa publicación no DOUE— aínda non se concretou en España que profesións son de colexiación obrigatoria, comprenderase que o caos sexa absoluto e de difícil arranxo.

A RAE define o “*homónimo*” como a palabra que, sendo igual que outra na forma, ten distinta significación. Pola súa parte, “*sinónimo*” é para a Academia, “*dito dun vocábulo ou dunha expresión: Que ten unha mesma ou moi parecida significación que outro*”. E este é o noso problema. **O/os portelo/s único/s de antes non é/son idéntico/s, nin sequera igual/iguais, que o portelo único da DS (PUDS)**. Por iso, e non por snobismo, talvez pague a pena en España redenominar este último como “*punto único de resposta*” (**PUR**), para evitar equívocos, sexan interesados ou desinteresados.

Os matemáticos distinguen a igualdade da identidade. A maioría da poboación, non. O feito de que os xuristas-lingüistas da UE bautizasen ao PUR como “*portelo único*”, do mesmo modo que denominaron “*directivas*” ás “*directrices*” comunitarias, pode non ser neste caso tan inocuo como parece.

Nas diversas versións lingüísticas da DS, aos distintos PURs nacionais se lles denomina:

- Español: *Ventanilla única*.
- Inglés: *Points of single contact*.
- Francés: *Guichets uniques*.
- Alemán: *Einheitliche Ansprechpartner*.
- Italiano: *Sportello unico*.
- Neerlandés: *Eén-loket*.
- Sueco: *Gemensamma kontaktpunkter*.
- Portugués: *Balcão único*.
- Danés: *Kvikskranker*.
- Finés: *Keskityt asiointipisteet*.

Non deixa de resultar curioso que nunhas versións lingüísticas a mesma institución sexa denominada recorrendo a un obxecto tanxible, tradicional das súas oficinas de atención ao público (español, francés, italiano, neerlandés, portugués, danés ou finés), mentres noutros (inglés ou sueco) ese obxecto tradicional da burocracia —*portelo*— se converta nunha ubicación abstracta —*punto*—. Sexa como for, non se transmite correctamente a idea que late na DS. Ou por dicilo doutra forma: tras un portelo único, ou tras un xenérico punto de contacto, pode haber múltiples interlocutores administrativos que se asoman ao portelo ou ao punto para charlar por separado co administrado. Pero a cousa cambia cando o interlocutor é único e, ademais, debe ofrecer unha única resposta ao administrado, con independencia de como se organice a trastenda (*back-office*). Por iso, talvez a expresión máis afinada sexa a alemá, xa que aquí non se fala dun portelo (*Fenster*) nin dun punto (*Punkt*), senón que se

evoca o resultado: unha única resposta desde a perspectiva do cidadán (*Ansprech*). Outra cousa é que a estrutura do PUR xermano deixe moito que desexar, a causa da súa estrutura e formato, por ser tan diverso como os seus Länder e tan pouco intuitivo —e pouco amigo dos restantes idiomas da Unión, por certo—.

¿Por que é relevante o PUR para contrastar os custos das cargas administrativas? Evidentemente esta ferramenta non se incluíu na DS coa devandita finalidade, pero pode ser moi útil ao respecto se se desprega e funciona axeitadamente, sen necesidade de adaptalo ou ampliálo.

É obvio que os PURs nacionais non teñen por que colgar as memorias económicas das normas que crean cargas administrativas ás empresas en xeral e aos emprendedores en particular, aínda que poderían facelo sen maior problema e sería moi desexable. Pero o que si fan —ou deben facer— é informar en tempo real das cargas, requisitos ou condicións máis evidentes para o lícito exercicio dunha mesma actividade empresarial ou profesional de servizos en diversos municipios, CC.AA., Estados e AA.PP., en xeral, de toda a Unión. Deste fío deberan tirar os emprendedores, empresarios e profesionais, e sobre todo as súas asociacións sectoriais, para desfacer a inmensa madeixa burocrática na que se ven envoltos. Así, **coa debida información, doadamente recompilada e contrastada directamente por eles, poderían esixir cambios radicais na forma de regular as súas actividades**. E este é un poder que antes non tiñan, ou que só estaba ao alcance de grandes corporacións con músculo financeiro suficiente para encargarse estudos comparados a consultoras ou asesores especializados. É o poder da transparencia e o sentido común.

No momento en que un empresario pode comparar directamente que requisitos ou condicionantes se lle esixen polo feito de desenvolver a súa actividade nun territorio determinado, baixo xurisdición dunha concreta A.P. ou de varias AA.PP., fronte á alternativa de facelo en ou desde outro territorio, a relación de poder ou de suxeición transmútase de forma radical.

Dito noutros termos. Pensemos en que sucedería se un emprendedor que desexa iniciar a súa empresa nunha actividade que non requira un alto investimento en custos fixos, tivese doado acceso a información comparada por localidades. P.e., un adestrador canino. Dado que o interesado posúe experiencia amateur, detecta certa demanda —adestramento para servizos privados de seguridade, custodia de urbanizacións ou vivendas illadas, asistencia e compañía a persoas con discapacidade...—, e ademais pensa desenvolver a súa actividade a domicilio, co cal o aforro en custos de arranque é substancial. Isto último parécelle básico, pola minimización do risco que supón en caso de non fructificar convenientemente o negocio, e porque obter o financiamento bancario dunhas instalacións permanentes é moi difícil no momento actual, ademais de introducir rixidez á hora de seguir á demanda alá onde xurda ou se desprace.

Pois ben, o primeiro que precisa o emprendedor é verificar que condicionantes administrativos ha de observar. A actividade é perfectamente lícita. Tanto o é que está considerada actividade empresarial pola Axencia Tributaria, co epígrafe "979.4. Adestramento de animais e outros servizos de atencións a animais domésticos". É máis, o Real Decreto 1037/2011, de 15 de xullo<sup>11</sup>, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, mediante o establecemento de sete cualificacións profesionais da familia profesional

11 BOE n.º 209, de 31.8.2011.

"Seguridade e Medio Ambiente", regula a cualificación profesional de "adestramento de base e educación canina", acoutándoa deste modo:

*"Ámbito Profesional.*

*Desenvolve a súa actividade profesional tanto por conta propia como allea, no ámbito das pequenas, medianas e grandes empresas privadas, residencias, centros de adopción de animais abandonados, clínicas veterinarias, domicilios de particulares, así como, nas administracións públicas e/ou entidades, relacionadas coa cría, adestramento, venda, coidados e actividades deportivas e recreativas de cans. A súa actividade, con carácter xeral, desempeñase de forma autónoma, aínda que pode depender, circunstancialmente, dun superior xerárquico."*

Antes de nada, debe quedar claro, como dispón o artigo 1 dese Real Decreto, que as devanditas "cualificacións e a súa formación asociada correspondente teñen validez e son de aplicación en todo o territorio nacional e non constitúen unha regulación do exercicio profesional".

Buscando polos seus propios medios, dado que o "ventanilla única" española (VUDS) non lle facilita información adecuada, o emprendedor atópase con que se desexa, por engadido, traballar con certas razas caninas, deberá acatar especificamente a Lei 50/1999, de 23 de decembro<sup>12</sup>, sobre o Réxime Xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos, onde se determina:

*"Artigo 4. Comercio. (...)*

*5. Todos os establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos a que se refire a presente Lei, e se dediquen á súa explotación, cría, comercialización ou **adestramento**, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centros de recollida, residencias, centros recreativos e establecementos de venda deberán obter para o seu funcionamento a **autorización das autoridades competentes**, así como cumprir coas obrigas rexistras previstas no artigo 6 desta Lei.*

*Artigo 7. Adestramento.*

*1. Queda prohibido o adestramento de animais dirixido exclusivamente a acrecentar e reforzar a súa agresividade para as pelexas, e ataque en contra do disposto nesta Lei.*

*2. **O adestramento para garda e defensa deberá efectuarse por adestradores que estean en posesión dun certificado de capacitación expedido ou homologado pola autoridade administrativa competente.***

*3. **Os adestradores en posesión do certificado de capacitación deberán comunicar trimestralmente ao Rexistro Central informatizado a relación nominal de clientes que fixeron adestrar un animal potencialmente perigoso, con determinación da identificación deste, debendo anotarse esta circunstancia no Rexistro, na folia rexistral correspondente ao animal e indicando o tipo de adestramento recibido.***

<sup>12</sup> BOE n.º 307, de 24.12.1999.





**4. O certificado de capacitación será outorgado polas Administracións autonómicas, tendo en conta, polo menos, os seguintes aspectos:**

- a) Antecedentes e experiencia acreditada.
- b) Finalidade da tenza destes animais.
- c) **Disponibilidade de instalacións e aloxamentos axeitados desde o punto de vista hixiénico-sanitario, de protección animal e de seguridade cidadá.**
- d) Capacitación axeitada dos adestradores en consideración aos requisitos ou titulacións que se poidan establecer oficialmente.
- e) Ser maior de idade e non estar incapacitado.
- f) Falta de antecedentes penais por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade, ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como ausencia de sancións por infraccións en materia de tenza de animais potencialmente perigosos.
- g) Certificado de aptitude psicolóxica.
- h) Compromiso de cumprimento de normas de manexo e de comunicación de datos.

Artigo 13. Infraccións e sancións.

1. Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves as seguintes: (...)

- e) Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza do certificado de capacitación.

*Disposición adicional segunda. Certificado de capacitación de adestrador.*

*As Comunidades Autónomas determinarán, no prazo de seis meses, as probas, cursos ou acreditación de experiencia necesarios para a obtención do certificado de capacitación de adestrador."*

O caso é que ao emprendedor neste ramo —como lles sucede a moitos outros en diversos ramos que poderíamos enumerar— lle resulta materialmente imposible, ou moi custoso e difícil, coñecer toda a normativa que regula a súa actividade en todo o territorio nacional, para valorar así onde lle sae máis a conta iniciar a súa andaina profesional. E, polo tanto, descoñece onde debe acudir en cada sitio para que lle informen e, á fin, cumprila, dado que non se articularon os procedementos e asignado responsabilidades concretas dentro do magma das AA.PP. españolas. Compróbese buscando na VUDS española. Por desgracia, o lexislador todo o soluciona coa constante apelación ás ignotas "autoridades competentes".

Pero é máis, ao non precisar que se entende por "instalacións e aloxamentos axeitados desde o punto de vista hixiénico-sanitario, de protección animal e de seguridade cidadá", posibilitase que cada C.A. ou, mesmo, cada municipio, interprete o que estime oportuno, inducendo desigualdades económicas intolerables en algo tan mensurable como son os diversos custos de equipamentos que deberan ser idénticos, dependendo de onde se ubiquen.



¿Alguén se preocupou no seu día de avaliar con método e rigor os custos económicos das cargas administrativas introducidas? A falta de previsión e seguimento do ulterior desenvolvemento normativo —cun mero desenvolvemento parcial, mediante o Real Decreto 287/2002, de 22 de marzo<sup>13</sup>—, que non se ocupa, 27 meses despois de aprobada a Lei, de precisar convenientemente o que concirne aos custos das instalacións “*axeitadas*”, é a proba irrefutable daquela carencia orixinaria.

De todos modos, se algunha C.A. ou Concello implementasen correcta e integramente o mandato do legislador estatal sobre as “*instalacións axeitadas*”, e esa información se envorcasse de maneira precisa no PUR español, a mera comparativa dos requisitos entre as CC.AA. ou concellos, e dos custos explícitos trasladados ao emprendedor —v.gr. taxas—, máis os custos tácitos —v.gr. tempos máximos e medios de tramitación, efectos do silencio administrativo...—, permitirían casar a adecuación das hipotéticas memorias económicas *ex ante* coa realidade económica *ex post*, facilitando á vez a iniciativa ao emprendedor.

A mesma indolencia valorativa das AA.PP. pode atoparse en negocios sometidos a unha estrita regulación, pero cuxo contraste se antolla imposible a causa da absoluta falta de información, como poderían ser os negocios inseridos na así denominada “*División 9 (outros servizos)*”, da Sección 1, das actividades tipificadas pola Axencia Tributaria para ser debidamente censadas no ámbito fiscal (p.e. 921.3 exterminio de animais danifios e desinfección; 922.2 servizos especializados de limpeza; 934 ensinanza fóra de establecemento permanente; 966.2 zoolóxicos e similares; 979.3 axencias matrimoniais e outros servizos; ...).

Algo semellante se podería predicar doutras actividades empresariais ou profesionais perfectamente lícitas en diversos Estados da UE, e que polo tanto, en hipóteses, poden ofertarse en España mediante servizo transfronteirizo mentres non estea expresamente prohibida ou suxeita a autorización previa, cun réxime legal notificado a Bruxelas. Pensemos no caso de compra-venda de produtos de xoiería de segunda man, fóra de establecemento permanente e coas debidas medidas de seguridade, ou a taxación a domicilio de bens mobles singulares, con ou sen intermediación, entre unha multitude de supostos. Quen queira desenvolver unha desas novas actividades en España, actividades que supoñen outra forma de facer o mesmo que tradicionalmente estaba regulado no noso país, non atopará un punto único de resposta das AA.PP. que lle transmita seguridade xurídica sobre a licitude da súa iniciativa empresarial. Véxase o que sucede cos establecementos de compra-venda de ouro, que proliferan como fungos en España: a regulación versa sobre os “*establecementos*”, non sobre a “*compra-venda*” en puridade, como se no se puidese facer fóra deses establecementos, aínda que se realizase coas garantías e controis que fose mester.

En calquera caso, todo emprendedor debe ter a garantía absoluta de que o que non se atope no PUR español é tan lícito como o que estea inserido nel, sempre que non sexa obxecto de restrición penal, e iso por varios motivos:

- a) A oferta e a demanda varían máis rapidamente nas sociedades economicamente maduras que nas sociedades en transición económica.
- b) A aparición de novos modelos de negocio que estimulan a competencia (bens e servizos substitutivos) non pode verse retardada pola incerteza xurídico-administrativa, xa

13 BOE n.º 74, de 27.3.2002.

que non axuda a xerar novos xacementos de emprego nin a conter a inflación, o que resulta básico para incrementar a nosa competitividade internacional.

C) Deben afianzarse na práctica os seguintes principios:

- c.1) O que non está prohibido, está permitido.
- c.2) O que non está regulado, está liberalizado.

Se o PUR español funcionase, polo menos, como prevé a Lei *paraugas*, 17/2009, de 23 de novembro, *sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio*, sería dunha inestimable axuda para que os emprendedores puidesen cotexar a racionalidade económica do que se lles esixe, tanto entre AA.PP. españolas, como entre estas e as restantes dos outros Estados e AA.PP. da UE. Para iso **sería de agradecer** —aínda que non sexa legalmente esixible— **que os xestores do PUR español colocasen nel a información traducida dos requisitos e trámites que esixen outros países. Talvez así contribuísen a fomentar a realización de “tenteos” transfronteirizos dos nosos profesionais, ademais de reducir as súas trabas administrativas domésticas.**

En efecto, na devandita Lei 17/2009 (Lei *paraugas* da DS) requírese como obriga de facer e de resultado ao “portelo único” (PUDS) española:

*“Artigo 18. Portelo único.*

*Os prestadores de servizos poderán acceder, electronicamente e a distancia a través do portelo único, tanto á información sobre os procedementos necesarios para o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio, como á realización dos trámites preceptivos para iso, incluíndo as declaracións, notificacións ou solicitudes necesarias para obter unha autorización, así como as solicitudes de inscrición en rexistros, listaxes oficiais, asociacións, colexios profesionais e consellos xerais e autonómicos de colexios profesionais.*

**2. As Administracións Públicas garantirán que os prestadores de servizos poidan, a través do portelo único:**

**a) Obter toda a información e formularios necesarios para o acceso á súa actividade e o seu exercicio.**

**b) Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias.**

**c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan a condición de interesado e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a resolución dos mesmos polo órgano administrativo competente.**

*3. Así mesmo, as Administracións Públicas adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para garantir a interoperabilidade dos distintos sistemas.”*

Ese “**garantirán**” imposto ás AA.PP. para que os emprendedores de novos servizos poidan obter “**toda**” a información e formularios, e presentar “**toda**” a documentación, non está condicionado por nada. Nin sequera está condicionado polo truco da Disposición final

terceira da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, é dicir, sempre que o permitan as dispoñibilidades orzamentarias, nin tampouco polo novo truco introducido pola Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible<sup>14</sup>. Ese “*garantirán*” é operativo desde o 27 de decembro de 2009, co efecto benéfico engadido de que, unha vez que se materialice para os emprendedores de novos servizos, o custo de estender o sistema á práctica totalidade de emprendedores noutros sectores ou ámbitos será tan residual e ridículo que só motivos inconcensables —celo burocrático, arbitrariedade, poder gris...— poderían xustificar a súa exclusión desa nova cultura administrativa e cívica.

Non contento con ese mandato unívoco e incondicionado, enfatiza e precisa por engadido o lexislador na Lei *paraugas* da DS:

*“Artigo 19. Garantías de información a través do portelo único.*

**1. Os prestadores e os destinatarios teñen o dereito a obter, a través do portelo único e por medios electrónicos, a seguinte información, que deberá ser clara e inequívoca:**

a) Os **requisitos aplicables aos prestadores** establecidos en territorio español, en especial os **relativos aos trámites necesarios** para acceder ás actividades de servizos e o seu exercicio, así como os **datos das autoridades competentes** que permitan poñerse en contacto directamente con elas.

b) Os medios e condicións de acceso aos rexistros e **bases de datos públicos relativos aos prestadores e aos servizos**.

c) As **vías de reclamación e os recursos** que poderán interpoñerse en caso de litixio entre as autoridades competentes e o prestador ou o destinatario, ou entre un prestador e un destinatario, ou entre prestadores.

d) Os **datos das asociacións sectoriais de prestadores de servizos** e as organizacións de consumidores que presten asistencia aos prestadores e destinatarios dos servizos.

**2. As Administracións Públicas adoptarán medidas para que no portelo único poida accederse á información contemplada neste artigo en castelán, nas linguas cooficiais do Estado e nalgunha outra lingua de traballo comunitaria.**

**3. Así mesmo, facilitarase que os prestadores e os destinatarios poidan obter por medios electrónicos e a distancia, en particular a través dos portelos únicos doutros Estados membros, o acceso a:**

14 Disposición adicional sétima.

Modificación da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.

Un. Adiciónase un novo apartado 5 á disposición final terceira da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, que queda redactado nos seguintes termos:

5. As Comunidades Autónomas e as Entidades integradas na Administración Local nas que non poidan ser exercidos a partir do 31 de decembro de 2009 os dereitos recoñecidos no artigo 6 da presente Lei, en relación coa totalidade dos procedementos e actuacións da súa competencia, deberán aprobar e facer públicos os programas e calendarios de traballo precisos para iso, atendendo ás respectivas previsións orzamentarias, con mención particularizada das fases nas que os diversos dereitos serán esixibles polos cidadáns.

Os anteriores programas poderán referirse a unha pluralidade de municipios cando se deban executar en aplicación dos supostos de colaboración previstos no apartado anterior.

Dous. Os programas mencionados no apartado anterior deberán ser obxecto de aprobación e publicación no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei.

a) Información xeral sobre os requisitos aplicables nos demais Estados membros ao acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e en especial, a información relacionada coa protección dos consumidores.

b) Información xeral sobre as vías de recurso dispoñibles en caso de litixio entre o prestador e o destinatario noutros Estados membros.

c) Datos das asociacións ou organizacións doutros Estados membros, incluídos os centros da Rede de centros europeos dos consumidores, que poden ofrecer aos prestadores ou destinatarios asistencia práctica.

4. O dereito á información contido neste artigo non esixe ás autoridades competentes que faciliten asesoramento xurídico en casos particulares.”

En consecuencia, o PUR español non só debe informar sobre se procede ou non tramitar solicitudes de autorización, declaracións responsables ou comunicacións previas, e ademais tramitalas para exercer unha actividade empresarial ou profesional, senón que tamén debería facilitar o acceso á información relevante para un emprendedor desde o punto de vista económico. Este é o sentido económico da referencia aos “requisitos”, xa que de feito pode haber actividades nas que se regulen requisitos a nivel estatal, autonómico ou local e non precisar cursar sequera unha mera comunicación. Pero aínda o é máis ao referirse ás “bases de datos públicos relativos aos prestadores e aos servizos”, cuxo sentido útil é que o emprendedor coñeza aos seus competidores e aos clientes potenciais —distribución xeográfica da competencia, dimensión dos competidores, ubicación de usuarios...—.

Por último, o PUR español debe configurarse como a liña de conexión natural e universal entre o emprendedor e o conglomerado de AA.PP. co que ha de relacionarse, sexa nacional ou non, residente ou non. Así se deduce da previsión do art. 28 da Lei *paraugas*:

*“Sen prexuízo do deber dos **prestadores** de atender os requirimentos de información formulados polas autoridades competentes, **deberán informar, a través do correspondiente portelo único, dos cambios que afecten ás condicións que determinaron o outorgamento da autorización.***

*A devandita información comunicarase na lingua ou linguas facilitadas no portelo único.”*

E tal liña de conexión entre emprendedor e AA.PP. impulsárase de verdade cando se tome a decisión política de substanciar o que a nivel xurídico e tecnolóxico xa é, hoxe, posible e desexable, como se trata da xa referida incorporación ao PUR (PUDS) dos trámites da Axencia Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, segundo a Disposición adicional segunda da mesma Lei *paraugas*.

Todo este sistema de control *ad intra*, en España, da discrecionalidade normativa e administrativa, así como de paralelo fomento da racionalidade económica, que é impulsada mercede ao contraste que poderían realizar directamente os emprendedores e as súas organizacións sectoriais, vén ademais reforzado pola supervisión executiva da Comisión Europea, que á súa vez, ten o deber e a capacidade de cotexar os procedementos alternativos que tivesen empregado os restantes Estados e AA.PP. rexionais da Unión en cada modelo de negocio. Ao efectuar esa análise, a Comisión Europea desborda e supera o mero control de legalidade que lle correspondería a un Tribunal, xa que tamén debe avaliar se non existen



alternativas regulatorias máis eficientes. E, claro, se xa se demostrou noutra A.P. europea que iso é posible, será moi difícil que unha determinada A.P. española poida recibir un trato de favor fronte a unha "best practice" que xa tivese sido contrastada con éxito.

A vía para someterse ao exame de legalidade comunitaria e, sobre todo, de eficiencia económica, que dá sentido a unha "smarter regulation", a unha normativa máis intelixente, recóllese na Disposición adicional cuarta da Lei *paraugas*:

*"Disposición adicional cuarta. Notificación á Comisión Europea.*

*O órgano administrativo competente comunicará ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, antes da súa aprobación e nos termos e polas vías que se establezan regulamentariamente, calquera proxecto de norma legal ou regulamentaria no que se prevexan requisitos do artigo 11.1 desta Lei, incorporando unha memoria xustificativa na que se motive a súa compatibilidade cos criterios do artigo 11.2, ou requisitos do artigo 12.2, incorporando unha memoria xustificativa na que se motive a súa compatibilidade cos criterios do artigo 12.3, para a súa posterior notificación á Comisión Europea."*

A razón non é outra que a asumida no artigo 6 da devandita Lei *paraugas*:

*"Artigo 6. Procedementos de autorización.*

*Os procedementos e trámites para a obtención das autorizacións a que se refire esta Lei deberán ter carácter regulado, ser claros e inequívocos, obxectivos e imparciais, transparentes, **proporcionados** ao obxectivo de interese xeral e darse a coñecer con antelación. En todo caso, deberán respectar as disposicións recollidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, así como garantir a aplicación xeral do silencio administrativo positivo e que os supostos de silencio administrativo negativo constitúan excepcións previstas nunha norma con rango de lei xustificadas por razóns imperiosas de interese xeral."*

O exame de proporcionalidade, é dicir, de racionalidade económica, varía moito cando o examinador non está sometido a ningún tipo de supeditación ao examinado e, sobre todo, cando o devandito examinador forxa o seu criterio unha vez que xa viu que resultados obtiveron os restantes examinados. É aí onde os números derrotan sen ambaxes aos adxectivos, e a matemática fai enmudecer á retórica.

Esta concepción do PUDS como "punto único de resposta" (PUR) obedece a unha interpretación sistémica e teleolóxica xa non só da DS, senón da *raison d'être* dun mercado interior e único dentro da UE. Lexislar e regulamentar sobre emprendemento, empresas e actividades profesionais nun ámbito europeo non pode facerse como cando un Ministerio pensaba no pequeno mercado español, ou unha Consellería autonómica no aínda máis pequeno mercado rexional.

Canto antes transformemos o PUDS española nun auténtico PUR e máis o enriquezamos, maiores serán os beneficios para os nosos emprendedores e para a nosa sociedade, mercede á dinámica que se porá en marcha de redución de cargas administrativas e custos asociados.

A Comisión Europea comparte en gran medida esta orientación, aínda que o faga de modo oficioso no seu “Manual sobre a transposición da Directiva de servizos”<sup>15</sup>. Non en vano, sostén (remarcado propio):

**“Tales portelos concíbense como interlocutores institucionais únicos desde a perspectiva do prestador de servizos, de modo que este non teña que poñerse en contacto con varias autoridades ou órganos competentes para solicitar toda a información pertinente e completar o necesario para o exercicio das súas actividades de servizo. Os Estados membros han de poñer os portelos únicos a disposición de todos os prestadores de servizos, independentemente de que estes se atopen establecidos no seu territorio ou no doutro Estado membro. Loxicamente, tal obriga procede tan só en relación cos sectores incluídos no ámbito de aplicación da Directiva, pero **é posible que os Estados membros decidan considerar a súa ampliación á totalidade ou parte dos sectores excluídos. O mesmo razonamento aplícase en relación con certas cuestións excluídas da Directiva.** Por exemplo, é posible que os Estados membros consideren o establecemento do sistema de portelo único tamén para o cumprimento de determinados requisitos fiscais, como a asignación de números do IVE .**”

O establecemento de mecanismos deste tipo para as empresas é un obxectivo perseguido polos Estados membros desde hai anos e a obriga prevista na Directiva de servizos é, por tanto, acorde cos fins doutras iniciativas comunitarias e ten carácter complementario dos mesmos, en particular no que respecta ao compromiso asumido polo Consello Europeo de establecer portelos únicos para as empresas incipientes para finais de 2007. **Non obstante, a obriga legal contida na Directiva de servizos é máis ampla e comprende todo tipo de empresas (non só as incipientes), todos os destinatarios de servizos (con fins informativos) e todos os tipos de procedementos (non unicamente os que atinxen a empresas incipientes).**”

En canto á organización do que debésemos catalogar como “PUR”, di a Comisión:

**“Cada Estado membro é libre de decidir como organiza o sistema de «portelo único» no seu territorio, pero ha de asegurarse de que este se ofrece a todos os prestadores de servizos incluídos no ámbito de aplicación da Directiva no que respecta á **realización de todos os procedementos e trámites relativos aos servizos e cuestións incluídos.****”

O concepto de «portelo único» non significa que os Estados membros estean obrigados a establecer un único órgano centralizado no seu territorio. Poden optar por unha pluralidade de portelos. Porén, **tales centros deberán ser «únicos» desde o punto de vista do prestador (é dicir, debe brindarse a este a **oportunidade de realizar todos os procedementos a través dun só punto de contacto.** (...)**

Por outra parte, os Estados membros poden optar por constituir portelos únicos de carácter electrónico, evitando a implantación de infraestruturas físicas específicas ás que deban acudir os prestadores de servizos. Neste caso, ha de prestarse especial atención a unha estruturación clara da información e dos procedementos en sitios

15 Comisión Europea.  
Luxemburgo: Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas, 2007  
ISBN 978-92-79-05983-4



*web ou en ferramentas electrónicas similares, nos que se faciliten orientacións comprensibles referidas á totalidade dos procedementos e trámites que han de seguirse para o acceso ás actividades de servizo e para o seu exercicio. A través destes portelos únicos de formato electrónico débese facilitar aos prestadores a identificación de todos os procedementos e trámites aplicables ás súas solicitudes en concreto, así como a obtención dunha visión xeral uniforme das que se atopan en curso. En consecuencia, **non abondará con incluír unha mera relación ou compilación de vínculos de Internet nun sitio web central.** Así mesmo, se se crean portelos únicos de carácter electrónico, será necesario establecer unha liña de asistencia á que poidan recorrer os prestadores en caso de dificultade. (...)"*

Ata agora, por desgracia, en España non dispoñemos dun xenuino PUDS, máis alá da súa aparencia formal, nin moito menos dun PUR que compita en canto a prestacións obrigatorias, complementarias e voluntarias cos seus homólogos do resto da UE. Tanto é así que calquera Ministerio, Consellería ou Concello españois poden modificar disposicións, ordes ou ordenanzas, ademais de cambiar modelos e formularios, sen que se vexan obrigados á súa inserción nn PUDS. Ou por dicilo noutras palabras, se calquera Concello español precisa publicar as súas ordenanzas nun boletín oficial para que estas teñan validez xurídica, con todo deixar de comunicalas e de proporcionar un resumo intelixible ao xestor do PUDS adoce de calquera consecuencia xurídica, fose o simple aprazamento da súa vixencia, fose a súa anulabilidade ou a súa nulidade, ou calquera outra consecuencia relevante, como sería a inaplicabilidade que prevé o Dereito Comunitario respecto das normas nacionais que colisionen coas da Unión. Desta maneira baléirase de substancia a de por si vacua e atemporal precisión da Disposición transitoria sexta da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de *modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio* (Lei ómnibus estatal), que establece:

*"Disposición transitoria sexta. Aprobación do sistema de xestión do portelo único.*

*Co obxectivo de que a información administrativa no portelo único prevista no artigo 3 desta Lei sexa clara e inequívoca e estea actualizada, acordarase na Conferencia Sectorial de Administración Pública, previo informe da Comisión Nacional de Administración Local, o sistema de xestión do portelo único."*

Esa é, por certo, a mesma Conferencia Sectorial á que o artigo 6 da Lei de Economía Sostible encomendou en 2011 acordar e impulsar os criterios para promover a aplicación dos principios de boa regulación. Claro que, xa se sabe, "*promover a aplicación*" equivale a miúdo a non aplicar, pura e simplemente.

O lóxico, o razoable, ata o recomendable, tería sido que a devandita Conferencia Sectorial de Administración Pública houbera traballado intensamente durante 2010 para articular o sistema de xestión do PUDS, sen que iso desmerecese a idoneidade de aprobar tamén un Real Decreto que dese suficiente entidade xurídico-vinculante á obriga formal de que todas as AA.PP. informasen, puntual e correctamente, ao xestor do PUDS, para que este estivese permanentemente actualizado, en tempo real, e fose mellorando paulatinamente os seus niveis de excelencia fronte aos PUR competidores doutros Estados da Unión. Porén, o lamentable, o inxustificable, o insólito, é que a referida Conferencia Sectorial de Administración Pública se reuniu 0 (cero) veces ao longo de 2010, precisamente o ano clave do despegue e o ano en que máis urxente era o esforzo racionalizador, para reducir de verdade e significativamente as cargas administrativas a unhas empresas asfixiadas en España pola



falta de crédito, unha España campioa absoluta de desemprego a nivel europeo. Como acredita oficialmente o Ministerio de Política Territorial<sup>16</sup>, nada se fixo durante 2010 en canto á gobernanza do PUDS, polo menos por parte do órgano colexiado ao que o lexislador español encomendou tan importante responsabilidade.

Agora non vale a pena lamentarse polo leite derramado. O que importa é facer as cousas mellor. Un inminente PUR competitivo, chámese nominalmente “*portelo único*” ou non, podería introducir información transcendente no que concirne á redución de cargas administrativas, máxime se incorporase información economicamente relevante como:

- Tempo medio de obtención de resposta administrativa, e non só o tempo máximo legal e as consecuencias xurídicas do silencio.
- Importe das taxas a pagar (chama poderosamente a atención que esta información brille pola súa ausencia na inmensa maioría dos trámites incluídos no PUDS española que levan asociada unha taxa).
- Informes económicos confeccionados *ex ante* durante a preparación de cada norma e memorias económicas de contraste, elaboradas *ex post*, tras cada exercicio de aplicación da norma xa en vigor.
- Información verificada e contrastada, volcada en español, sobre como regulan a mesma actividade outros Estados ou AA.PP. da Unión, o que sería de especial importancia para as CC.AA. que fagan fronteira con Portugal ou Francia.

Desta forma, aínda que o lexislador comunitario non o tivese pretendido, o PUR sería o complemento perfecto para atacar con contundencia as cargas administrativas economicamente irracionais, e para auxiliar aos redactores de borradores, anteproxectos e proxectos normativos. É o bo que ten ver mundo, aínda que sexa desde a pantalla do ordenador, e non limitarse a memorizar códigos e disposicións endogámicas. As taras da endogamia, é sabido, cúranse relacionándose fóra do pequeno reducto de costume. Así apréndense novas formas de organizarse e de facer as cousas, en vez de seguir a ruta por camiños estériles no económico.

## Conclusión

A aquilatada avaliación económica dos proxectos normativos é moi necesaria para reducir as cargas administrativas e os seus parellos custos, que lastran a iniciativa empresarial. Nun tempo no que o acceso ao crédito bancario resulta difícil e no que a competencia internacional non mingua, tentar reducir eses custos é unha das poucas pancas autónomas ao alcance das AA.PP. para reactivar o emprego. Por conseguinte, a xeneralización da devandita avaliación é urxente e imprescindible, debendo converterse no piar central dunha nova cultura de técnica normativa e de xestión administrativa.

Porén, as ferramentas de avaliación económica *ex ante* aínda han de ser perfeccionadas e, en todo caso, ao operar sobre factores que a miúdo dependen da vontade dos operadores económicos, sempre han de someter os seus resultados ao contraste empírico *ex post*, para

16 [http://www.mpt.gob.es/dms/es/areas/politica\\_autonomica/coop\\_multilateral\\_ccaa\\_ue/cooperacion\\_multilateral/Conf\\_Sectoriales/Documentacion/Conf\\_Sect\\_Reuniones/parrafo/01/conferencias-sectoriales-2010.pdf](http://www.mpt.gob.es/dms/es/areas/politica_autonomica/coop_multilateral_ccaa_ue/cooperacion_multilateral/Conf_Sectoriales/Documentacion/Conf_Sect_Reuniones/parrafo/01/conferencias-sectoriales-2010.pdf)

efectuar as correccións precisas na loita contra a expansión irracional dos custos artificialmente inducidos a emprendedores, empresarios e profesionais.

Neste ámbito, o “*portelo único*” da Directiva Servizos (PUDS) debe reinventarse como un “*punto único de resposta*” (PUR) ao servizo dos operadores económicos, tanto desde a vertente da oferta como desde o da demanda. A súa transformación permitiría, ademais, que os redactores de proxectos normativos tivesen ao seu alcance un instrumento de extraordinaria utilidade, dado que non hai ningún redactor omnisciente. O PUR permitiría non só detectar mellor todos os requisitos e cargas que conflúen nunha actividade produtiva ou de servizos, sinón que tamén facilitaría a comparación con outras solucións a considerar, máxime se se convertiron en boas prácticas xa asentadas noutras AA.PP. europeas.

Desde esta perspectiva, dada a súa situación estrutural —escaso tecido propio en sectores con longo percorrido de valor, como a biotecnoloxía, a industria farmacéutica, novos materiais, maquinaria de precisión...— e o seu reflexo no emprego —gran destrución de postos de traballo por décima de caída do PIB—, **España non pode conformarse con ser un país que se limite a facer o mesmo que os demais en canto ao despregamento do PUDS. Debe facelo moito mellor, construíndo un PUR que supere os mínimos esixidos pola DS**, ideado para detectar as cargas administrativas ineficientes e os seus custos, ademais de servir para informar integramente e tramitar na súa totalidade canto precisen os emprendedores, empresarios e profesionais para arrincar, ampliar ou reorientar os seus negocios, sen que iso merme a seguridade xurídica nin lesione os dereitos de usuarios e consumidores, igualmente amparados pola DS.

Esta tarefa non é responsabilidade de programadores informáticos. Éo, primordialmente, de economistas e xuristas das AA.PP., traballando en sintonía coas entidades sectoriais que aglutinen aos operadores privados, e tentando non facer todo á vez, senón **comezando polos modelos de negocio máis usuais, segundo os datos da Axencia Tributaria**. Conforme se avance na busca de solucións alternativas para reducir as cargas que pesan sobre eses negocios, tamén será máis sinxelo atopar adaptacións útiles para os negocios máis inusuais e paracos desexables novos negocios, que deben xurdir constantemente nunha economía madura e en permanente evolución.

A diferenza do que sucede noutros ámbitos, fóra do alcance dos poderes públicos nacionais, neste, no que atinxe a mellorar a regulación, facéndoa de forma máis intelixente, querer si é poder.



# Os convenios urbanísticos

**Resumo:** *(Convenios Urbanísticos: Concepto. Límites. Maiores cargas das establecidas legalmente. Tipos de Convenio. Carácter vinculante. Consecuencias indemnizatorias derivadas da desvinculación de Convenios Urbanísticos formalizados. Viabilidade de monetización vía convenio do aproveitamento lucrativo correspondente á Administración. Impugnabilidade dos Convenios Urbanísticos).*

**Palabras clave:** *(Convenio Urbanístico. Negocio Xurídico. Nulidade de pleno dereito. Maiores cargas. Prexudicados. Convenios de Plan. Convenios de Execución. Carácter vinculante. Consecuencias indemnizatorias. Aproveitamento lucrativo. Monetización. Impugnación).*

**Abstract:** *(Planning agreement: Concept. Limits: Loads over legally established.: Types of planning agreement: Binding: Compensatory consequences arising from the declouping of formalized planning agreements. Viability of monetization by agreement of de lucrative use for de Administration. Contestability of planning agreements).*

**Key words:** *(Planning agreement. Void contract. Nullity. Higher loads. Injured. Planning agreements. Implementation agreements. Binding. Compensatory effects. Profitable explotation. Monetization. Contestation).*

**Índice:** *1. Consideracións xerais. 1.1. Introducción. 1.2. Breve referencia histórica. 2. Concepto de convenio urbanístico. 3. Obxecto e límites dos convenios urbanísticos. 4. Clasificación dos convenios urbanísticos. 4.1. Convenio de plan. 4.2. Convenio de execución. 4.3. Convenio de expropiación. 4.4. Convenio entre administracións públicas. 5. Impugnabilidade dos convenios urbanísticos. 6. Aspectos rexistrals.*

# 1 Consideracións xerais

## 1.1 Introducción

A regulación legal dos Convenios urbanísticos veu precedida dunha longa configuración xurisprudencial. É a xurisprudencia a que, analizando a casuística de convenios que se sometían ao seu control xurisdiccional, sentou as bases da normativa urbanística autonómica que foi xurdindo nos últimos anos, corrixindo o afastamento da norma na que incorreron, en non poucos casos, os representantes políticos ao empregar a técnica convencional.

Porén, aínda cando as distintas normativas autonómicas establecen en moitos aspectos a mesma regulación, ningunha parece outorgar unha natureza precisa a esta figura xurídica; é como se o lexislador tivese certo reparo en entrar a fondo na súa regulación para concretar e detallar o seu obxecto e finalidade, algo que se antolla como esencial para darlle un xiro á percepción negativa xeralizada que calou na opinión pública sobre os convenios urbanísticos, sobre todo nos últimos anos nos que se teñen asociado coa especulación e o pelotazo urbanístico, sen dúbida por ter sido empregado, en non poucas ocasións, en beneficio de intereses espurios e privados de toda sorte e non ao servizo do interese xeral para o que foron concibidos.

Unha característica fundamental dos Convenios Urbanísticos é que con eles se desborda a manifestación unilateral da acción administrativa xa que habilitan a concertación de vontades entre a administración e entidades de natureza pública e privada para a consecución de fins de interese público.

E froito desa concertación xeráronse ao longo dos anos convenios que regulan dereitos e obrigas de moi distinto contido.

Para a análise posterior desta figura xurídica, resulta enormemente ilustrativa a opinión sobre os convenios de plan de PARADA VÁZQUEZ<sup>1</sup>:

Neste mesmo sentido, considera BOCANEGRA<sup>2</sup> que o urbanismo é unha función pública reservada ao Plan (algo que todos aceptamos desde sempre como un axioma), o cal, vén sinxelamente desmentido pola realidade.

1 Neste sentido, sinala que: "Era previsible que a moda negocial ou contractual que esta introducíndose ad nauseam no Dereito público (substituíndo ao tradicional modo operativo da Administración dos procedementos unilaterais) cara o convenio e que xa está legalizado na lexislación do procedemento administrativa chegase tamén, e con que présas!, á actividade urbanística. Primeiro foi a xurisprudencia, como veremos, a que sancionou a validez dos convenios urbanísticos, malia que o seu obxecto versase sobre algo tan innegociable como é a planificación urbanística (art. 1.255 do Código Civil). Certo que o fixo dunha forma indirecta, recoñecendo a validez non sobre os efectos inmediatos do negocio, a ordenación urbanística e a conseguinte clasificación ou calificación dos terreos, posto que sempre se deixa a salvo que o efecto do convenio se articule e refrende a través dunha modificación do plan, senón de forma indirecta, ao recoñecerse efectos xurídicos reflexos a ese acto rigorosamente nulo desde a perspectiva tanto civil como administrativa, tales como a devolución das cantidades percibidas polo municipio en caso de non axustarse ao plan, etc. En definitiva, os convenios urbanísticos, moi próximos á figura penal do soborno ou a prevaricación (**"ofrézoche Concello tanto de aproveitamento urbanístico se me dás tales edificabilidades sobre estes terreos"**), e por iso absolutamente incompatibles coa filosofía que debe inspirar a planificación urbanística, onde só se deben contemplar os intereses xerais, a cuxo servizo a Lei articulou asépticos e exquisitos procedementos de aprobación e modificación e que, por mor dos convenios, estanse a converter en comparsas rituais para lexitimar o previamente acordado".- (Parada Vázquez., Ramón.- **Ordenamentos Urbanísticos, valoración, crítica y perspectiva de futuro**. - Ed. Marcial Pons, 1998.- Páxs. 75 a 80).

2 Di Bocanegra que "O urbanismo é unha función pública, certamente, pero os poderes públicos non son capaces de exercitar, co que o Plan, a idea de Plan, queda, á súa vez, absolutamente desnaturalizada, como sabe ben calquera que teña contacto con estes temas máis alá dos libros, ou calquera que saiba, simplemente, mirar unha cidade ou a ordenación do espazo. Iso poderá ser saudado con alegría ou acertadamente criticado por contrario ao Ordenamento xurídico, pero o certo é que, hoxe, nin os poderes públicos alcanzan a conducir os procesos urbanos nin o Plan a cumprir a función que lle corresponde. Non quero dicir eu, desde logo, que os convenios urbanísticos sexan os únicos responsables desta situación (aí están, por exemplo, ademais, as estradas ou o establecemento de grandes superficies comerciais, capaces



É máis, existen autores que consideran que esa consecuencia deriva directamente da tradicional escaseza das facendas locais e a liberdade que tiveron os Concellos para decidir unilateralmente sobre o plan, destacando entre eles Vera Jurado e Idofonso Huertas<sup>3</sup>.

Así as cousas, malia o que acontece nos últimos anos, da utilización perversa dos convenios urbanísticos polos Concellos, de que tiveren coadxuvado ao urbanismo desmedido, de que servisen como mecanismo de presión dos grupos inmobiliarios para clasificar solo, cómpre potenciar os efectos indubidablemente positivos que se derivan dos Convenios urbanísticos como canle ou instrumento para poder dar saída ás non poucas dificultades que planean sobre o urbanismo pola constante colisión do interese xeral e privado, polo seu efecto dinamizador en orde á modificación do plan e a viabilizar a xestión e execución urbanística.

O urbanismo é, entre outras cousas, un negocio xurídico e o convenio un medio axeitado para dar saída á inoperancia do plan xeral.

É posible que, como apunta un sector da doutrina, sexa necesaria unha regulación precisa que arbitre as medidas para que a planificación urbanística plasmada no plan xeral non se vexa desfigurada pola aprobación sobrevida de convenios de plan que se canalicen a través de sucesivas modificacións puntuais.

Por outra banda, como indica CANO MURCIA<sup>4</sup> *“O convenio urbanístico, e dentro deles, o do plan, que ata agora era a panacea para promover a iniciativa privada pode converterse a partir de agora, e de feito xa está ocorrendo, nun “modus operandi” ao que se lle vai poñendo cerco, de tal maneira que quedará, deberá quedar, reducido a uns momentos temporais moi concretos e determinados. Referímonos aos convenios que teñan lugar durante a revisión do plan. Excepcionalmente e en supostos moi taxados teñen que admitirse os convenios de plan cando non se está ante a revisión de plan”*.

Quizais a normativa legal debería arbitrar os supostos nos que sería factible canalizar un convenio vía modificación puntual, establecendo a regra xeral de que os mesmos sexan incorporados á revisión do plan e formando parte da programación xeral de todo o territorio.

Aínda que o que vou dicir é predicable da regulación legal urbanística con carácter xeral e non exclusivamente dos convenios urbanísticos, urxe a aprobación da normativa regulamentaria para dotar dunha maior precisión á norma e, ao cabo, dunha maior seguridade xurídica das operacións que se concerten por vía convencional.

Por referírmonos ao caso da nosa Comunidade Autónoma, son moitos anos os que pasaron desde que se prevé a aprobación dos regulamentos de plan, xestión e disciplina urbanís-

---

de volatilizar, literalmente, por si mesmos, un ou varios Plans urbanísticos). Si que son, porén, os convenios urbanísticos, colaboradores directos e inmediatos na produción do fenómeno que se apunta. A súa absoluta cotianidade, perfectamente coherente coa incapacidade dos poderes públicos para dirixir por si mesmos con instrumentos públicos a ordenación urbana, contribuíu decisivamente a desfacer literalmente a idea de Plan como un dos conceptos centrais do noso Dereito urbanístico” (Bocanegra.- Los Convenios Urbanísticos. Estudios de Derecho urbanístico, de Huergo Lora, A.- Ed. Civitas.-Madrid, 1998.-Prólogo).

3 Así, din estes autores que o deterioro da idea de Plan, como concepto básico do urbanismo, se deriva en boa parte “da endémica escaseza das facendas locais para facer fronte aos procesos de urbanización e á gran liberdade unilateral dos entes locais para elaborar o plan, o que por un lado imposibilita a actuación exclusivamente pública, pero por outro, anima aos particulares a negociar e chegar a acordos coa Administración” (Vera Jurado, D. e Idofonso Huertas, R.- **La Ordenación Urbanística en el Derecho Urbanístico de Andalucía**.- Ed. Tirant lo Blanch.- Valencia, 2003.- Páx, 87).

4 Cano Murcia, Antonio.- Teoría y Práctica del Convenio Urbanístico, 6ª Edición.- Ed. Aranzadi.- Pamplona, 2006.- Prólogo á sexta edición.- Páx. 28.



tica na Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo de Galicia, pero só dispoñemos na actualidade do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado en desenvolvemento daquela.

Hoxe seguimos aplicando na nosa Comunidade Autónoma, Galicia, os regulamentos de plan e xestión aprobados baixo a vixencia do Texto Refundido da Lei do Solo, de 9 de abril de 1976, algo que polo tempo transcorrido, parece sinxelamente incompreensible.

## 1.2 Breve referencia histórica

Aínda que xa se produce unha auténtica práctica convencional con anterioridade a esta Lei no século XIX, sobre todo coa necesidade de crecemento dos límites antigos das cidades a través da técnica de “Ensanche de Poboacións” (práctica posta de manifesto en numerosa xurisprudencia, entre outras, sentenzas do Tribunal Supremo de 12 de xullo de 1903 e 12 de febreiro de 1904), é a Lei do Solo, de 12 de maio de 1956, a que senta as bases do dereito urbanístico español. Esta proclama por vez primeira o urbanismo como función pública, prevé a creación dos patrimonios municipais de Solo, a institucionalización do Plan, a equidistribución de cargas e beneficios e, ademais, numerosas referencias á posibilidade da formalización de convenios ou acordos entre a Administración e os particulares.

Esta Lei estrutura un sistema en dúas fases: planificación pública e xestión desta planificación, colocando ao poder público en primeiro lugar, como garante dos intereses xerais sobre os particulares.

Así, o propietario afectado polo proceso urbanizador pode convir coa administración pero sen efectos vinculantes sobre a planificación, algo que se mantén de xeito constante ata os nosos días nos textos legais que se foron aprobando desde entón.

79 RODRÍGUEZ LÓPEZ, R., *El huerto en la Roma antigua. Su problemática urbanística y agraria*, Madrid, 2008. Na Comunidade Autónoma Andaluza están catalogadas como BIC: a Casa-horta de San Vicente, a Horta Nobre, a Horta de San Lázaro e a Horta de Pedalajar. Todas elas exceden por diversas razóns do modelo de pequeno horto tradicional, tan estendido ata as últimas décadas deste século. Tamén ao respecto, AAVV., *Plazas y jardines en Andalucía* (Jornadas europeas de Patrimonio. Andalucía. Consejería de Cultura), Sevilla, 2004.

80 RULLÁN SALAMANCA, O., *Economía y sostenibilidad cit.*, p. 157.

81 Ao respecto, FERIA TORIBIO, J.M., "Indicadores de sostenibilidad: Un instrumento para la gestión urbana", *La ciudad. Nuevos procesos, nuevas respuestas*, León, 2003, pp. 241-253.

82 CARRILLO BENITO, E.-CUERDA GARCÍA-JUNCEDA, J.C., *Ciudad cit.*, pp. 21-29, 34-36.

83 VILAGRASA IBARZ, J., *Ciudad y sociedad cit.*, p. 338.



artificial, e lexionelose polo aire acondicionado), ruidos<sup>84</sup>. Así Olivera Poll, A., menciona a importancia dos efectos negativos da expansión espacial da cidade (suburbanización da vivenda, perifерización de grandes superficies comerciais, saída de colexios, etc.). E isto está provocando unha necesidade de motorización de poboación moi nova e moi anciá, o que leva consigo un aumento na accidentalidade por tráfico e nos niveis de contaminación. As barreiras son un factor de exclusión (da formación, do traballo, etc.), e de enfermidade (illante, crean depresión, sedentarismo e falta de exercicio físico, varices, obesidade, falta de control médico por imposibilidade de saír). A saúde refórzase tamén se o espazo vital potencia os sentimentos de autoestima, confianza e seguridade, e neste sentido maniféstase Martín Sánchez, V., cando expresa que ‘a saúde é intentar que a sociedade teña o maior estado de benestar físico, psíquico e social posible. O cambio nos factores demográficos, o avellentamento da poboación, leva tamén a que os problemas sexan novos e as súas solucións tamén o teñan que ser. E por outra parte, está claro que non se pode manter un incremento do gasto sanitario por enriba do crecemento económico de maneira indefinida’. Pola súa parte Olivera, A., céntrase na educación dos nenos como cidadáns, porque hai, por exemplo, sitios onde xogan e cousas ás que xogan que poden ser un factor de saúde terrible”. Finalmente Vilagrassa, J. indica que unha cidade saudable necesita de políticas claras e de moito diñeiro para implantalas.

## 8 Notas conclusivas

Expuxéronse aquí de maneira panorámica distintos modelos de cidade no mundo romano, pero sacrificando inevitablemente moitas referencias e aspectos igualmente interesantes para a súa integral comprensión. E igualmente a descrición da cidade actual, rica en matices e en casuística, someteuse á mesma idea de presentación global, o que quizais provoque en certos puntos unha análise demasiado forzada, pois moitas son as cuestións de calado. Así, por exemplo, o TR da Lei de solo de 2008, unha norma estatal que, por cuestións competenciais, non entra a regular cuestións propiamente urbanísticas, é dicir, as tres clases de solo que cita existen nas CC. AA., e concréntanse, para cada municipio, nos plans a partir das determinacións de cada lexislación urbanística (en Andalucía, a LOUA 7/2002), pero a Lei estatal non contén clases de solo. Por outro lado, o modelo de crecemento e ordenación concéntrica é evidente no caso dos instrumentos de ordenación urbanística (o máis importante, o PGOU), aínda que xa resulta tan claro respecto dos PORN, aínda que existen esas zonas de amortecemento, a funcionalidade é diferente. Non se trata de graos de protección, porque por exemplo, en urbanismo o único solo protexido é o non urbanizable, pero os outros dous son susceptibles de transformación. En síntese, a normativa de protección de espazos naturais si ten un evidente obxectivo de protección (menor conforme nos alonxamos do espazo protexido), pero a clasificación urbanística responde a outras motivacións (ordenación da cidade, determinación dos dereitos e deberes dos propietarios, cálculo do valor dos terreos, por exemplo, a efectos expropiatorios), aínda que é verdade que no solo non urbanizable prevalece a óptica da preservación das devanditas zonas. O obxectivo da nova Lei 42/2007, de intentar superar a visión “conservacionista” da anterior, por unha nova reformulación “integrada” dos espazos naturais. De feito, o novo TR2008 da Lei do

84 AA.VV., “Ciudad y salud pública”, *La ciudad. Nuevos procesos, nuevas respuestas*, León, 2003, pp. 471-488. Santana, A.P., refire que ‘hoxe, un pouco por todo o mundo, o espazo urbano é un espazo considerado como crítico, cando se asocia a valores como a calidade de vida, benestar e saúde das poboacións. Trátase do paradigma perdido da urbanidade. Na urbe dos nosos días concéntranse problemas de paro, polución, calidade dos aloxamentos, iniquidades, diferentes exclusións, crecendo os casos de patoloxías infecciosas (novos e vellos problemas de saúde), patoloxías crónicas e sociopatías. O espazo urbano raramente é lugar de encontro e seguridade’.

solo parte precisamente desa convicción de interacción entre o campo e a cidade, da progresiva imbricación de elementos, para que a cidade non “morra” ao rematar as casas, e só exista “campo” fóra da cidade. Búscase unha cidade polivalente, aberta, solar, “verde”, etc., porque o medio natural tamén é medio ambiente. Outra cousa é que isto se consiga de verdade, porque ao final, unha Lei pode dicir moitas cousas, e unha lei estatal xenérica máis aínda, pero o importante é a súa aplicación e todo iso depende dos plans urbanísticos, que non os fai o Estado, senón as CC. AA. a proposta dos municipios correspondentes. A mesma consideración en canto aos hortos, figura non contemplada na lexislación ou planificación urbanística, aínda que si susceptible de declaración como BIC, aínda que para iso hai que demostrar a singularidade, rareza, beleza, etc., do mesmo; e loxicamente iso é insuficiente para “ambientalizar” o medio urbano.

Así pódese concluir sinalando que malia todos estes inconvenientes ou debilidades, a presentación deste fío conductor preséntase suxerente. Esta cidade, que difusamente pretende ser o hábitat dos seus cidadáns, necesita dunha reflexión profunda respecto a conceptos básicos, tales como cidadanía e urbanidade. Agora ben, para iso ha de renovar e innovar — co pouso da súa propia historia— o modelo de cidade; e persoalmente creo que a experiencia romana neste campo pode suscitar claves, visións e principios enriquecedores e útiles.





# Condicións de eficiencia e eficacia da intervención estatal na economía, á luz da última doutrina social da igrexa

43 Regap

RODOLFO CARLOS BARRA

Profesor Ordinario de Dereito Administrativo,

Universidade Católica Argentina

e de Dereito Constitucional, Universidade Nacional de La Matanza

Regap

ESTUDOS E NOTAS

A tensión entre autoridade e liberdade non ten nin pode ter unha solución dunha vez e para sempre. En tanto que *tensión*, expresa un certo equilibrio entre dúas realidades consubstanciais do home; consubstanciais porque participan da súa substancia ou natureza: por un lado a súa realidade individual, única, e tamén así sagrada —cada ser humano individual é creado á imaxe e semellanza de Deus— e por outro a súa realidade comunitaria, xa que foi creado para estar co outro —“non é bo que o home estea só” reflexionou o Creador, nunha comprobación que vai desde o sexual ata o social, porque da unión co outro e diverso sexo xorde e se sustenta a sociedade. O ser humano é un en si e é un co outro. Así, e só así, *o ser humano é persoa*.

As parellas humanas procrean, multiplícanse. É a lei primeira da existencia: crecede e multiplícadevos, manda o Deus que é Pai. Así nacen os conxuntos humanos complexos, as sociedades, que por ser complexos requiren dun principio de orde, xa que é tamén lei da natureza *dar a cada un o seu*, principio de xustiza (a orde é unha expresión da xustiza) que non só require da constante e perpetua vontade individual, senón da garantía e forza dunha autoridade común.

Á sociedade insíreselle a autoridade (o que hoxe chamamos Estado), tamén intimamente consubstanciadas. É dicir, a autoridade é inherente á sociedade, aínda que de maneira gráfica e metafórica —diríamos de maneira modélica— poidamos dividila en dous campos hipotéticos: a Sociedade e o Estado. A primeira como campo da individualidade, sempre compartida, o segundo como campo da autoridade, aínda que sempre servizal con respecto á Sociedade e ao individuo e individuos que lle son base. Se o traducimos en regras de



dereito —que por outra parte son da esencia de toda organización— a Sociedade como ámbito do dereito privado, e o Estado como ámbito do dereito público. Ambos os dous ámbitos delimitados polo principio de subsidiariedade, sobre o que despois volverei.

O noso constituínte, que foi educado no neotomismo da escola de Suárez, seguramente a súa mellor expresión política, concretou tales principios nunha fórmula máis que intelixente: primeiro reconece que todos “os habitantes da Nación” (non tiña razón para referirse aos que non se atopaban alcanzados polo noso ordenamento) gozan de certos dereitos (art. 14) que só numera de maneira enunciativa (art. 33). Pero tales dereitos, os numerados e os non numerados, deben ser actuados “conforme ás leis que regulamenten o seu exercicio” (art. 14), é dicir, de acordo coa regulación formulada polas mesmas partes nunha convención (normas privadas interpartes) ou pola autoridade (normas públicas dispositivas e supletorias ou de dereito privado, ou imperativas e directas ou de dereito público).

Toda actividade normativa é unha actividade regulatoria dos dereitos, na medida que se presente a alteridade, ou a incidencia, “dalgún xeito” sobre a orde e a moral pública” xa que pola contra “están só reservadas a Deus, e exentas da autoridade dos maxistrados”, expresa a xenial fórmula do Presbítero Sáenz (outro suarista de Chuquisaca) logo recollida no cit. art. 19 CN.

Polo tanto todo dereito admite unha determinada regulación, con exclusión do dereito á vida, que só admite protección absoluta desde o inicio da vida humana. Pero, ¿canta regulación?, e, ¿que regulación?

A regulación debe ser conforme á norma superior (constitucional para a regulación legal, constitucional e legal para a regulación administrativa). Pero tamén debe ser eficiente e eficaz.

A eficiencia na utilización dos recursos e a eficacia na obtención da finalidade querida con tal investimento de recursos é unha responsabilidade de todo o Goberno, entendido este como o sector de condución do ordenamento e integrado polos tres denominados poderes ou órganos constitucionais.

A comunidade política é ordenamento —que engloba ou inclúe moitos outros ordenamentos menores (Santi Romano)— e o ordenamento é unha organización dotada de calidade xurídica.

A organización supón unha determinada ubicación dos elementos que a conforman, xa sexan humanos, materiais, espirituais. Todos eles son á vez recursos e produtos, *inputs* e *outputs* nun circuito organizativo de ciclo continuo. O recurso xera un produto e este convértese nun recurso, e así permanentemente.

Naturalmente considerar ás mulleres e homes que integran o ordenamento como recursos e produtos pode facerse só desde unha perspectiva analóxica. É que ese “recurso” e “produto” é, antes que nada e en razón da súa esencial dignidade, *o suxeito principio e fin de toda a organización social* (cfr., Concilio Vaticano IIº, Constitución Pastoral “*Gaudium et spes*”, n.º 25). De todas as maneiras, a actuación dos individuos integrantes do ordenamento, xa sexa considerándoos en xeral como tamén, en especial, aos afectados ao goberno do mesmo (os servidores públicos) debe ser entendida como un recurso, sempre dentro das esixencias e *recaudos* daquela dignidade preeminente. O actual Papa Benedicto XVI destácao moi ben no n.º 32 da súa recente encíclica *Caritas in veritate* (CV) ao explicar como a

pobreza e a desigualdade sistémica, teñen “un impacto negativo no plano económico, en razón da progresiva erosión do ‘capital social’, é dicir, daquel conxunto de relacións de confianza, de respecto ás regras, indispensables para toda convivencia civil”. A marxinalidade, é, non só moralmente condenable e politicamente antidemocrática —clientelismo— senón antiprodutiva e sufocadora da creatividade. “*Os custos humanos son sempre tamén custos económicos* e as disfuncións económicas comportan tamén custos humanos”, subliña Benedicto no mesmo lugar (subliñado no orixinal).

Pero, precisamente por esa razón finalista, primordial, determinante, que o home posúe con relación ao ordenamento, este debe actuar de maneira que os recursos a empregar teñan unha utilización eficiente e un resultado eficaz, é dicir, garden a mellor proporción ou relación de emprego con respecto aos resultados perseguidos, permitindo que estes se logren na realidade.

O ordenamento mesmo actúa como unha determinada modalidade e regra de asignación de recursos. É que, lembremos, o ordenamento é materialmente organización, o que significa dispoñer dun específico lugar para cada “cousa”, e colocar cada cousa no seu lugar correspondente.

Así, a eficiencia e a eficacia na asignación e utilización dos recursos é unha *razón instrumental* do ordenamento; a súa *razón esencial* é o ben común o que, á súa vez, se resolve por vía distributiva no ben de cada un dos seus membros. Sen aquel xogo de eficiencia-eficacia non será posible nin o ben común nin o ben particular.

Por conseguinte, aquela dupla (eficiencia-eficacia) non debe ser considerada como unha cuestión meramente tecnocrática. Realizar a eficiencia e eficacia na obtención, utilización e aplicación dos recursos é non só unha grave responsabilidade do sistema de goberno e dos gobernantes, senón unha cuestión directamente vinculada co marco de valores que determina aquel sistema e que debe ser implementado polos gobernantes.

Como sinalamos máis arriba non debemos considerar los recursos só como bens materiais. O ordenamento asigna tamén bens inmateriais, aínda que normalmente estes teñan unha expresión material, o que é natural dado a súa referencia a un ser composto de corpo e alma: o ser humano. Fundamentalmente o ordenamento fomenta un sistema de valores cunha determinada relación xerárquica entre si. Notemos que isto ocorre aínda no *ordenamento-cambalache*, o do “todo é igual; nada é mellor” que amargaba ao noso Discepolín. Este é tamén unha forma de ordenamento, onde o perverso é só unha orientación posible, non unha dirección contraditoria coa súa vía natural, e onde o arbitrio duns xustifica a morte doutros.

O ordenamento tamén asigna dereitos ao garantir o seu exercicio. É dicir, recoñece a existencia de dereitos fundamentais, cuxo título se atopa no mesmo ser persoal do home, e á vez xera e pon a disposición dos interesados os instrumentos axeitados para que cada un poida facerse do seu dereito e cumprir cos seus deberes para co dereito do outro. Así, o Papa Juan XXIII, no n.º 5 de “*Pacem in terris*” (PT), lembra a calidade de “persoa” de cada ser humano, é dicir, a súa calidade de “suxeito de dereitos e deberes” que nacen “inmediata e simultaneamente da súa mesma natureza”. E este, subliña, é o fundamento de toda “convivencia ordenada e fecunda”, isto é, diríamos nós, dun ordenamento guiado polos principios de eficiencia e eficacia debidamente entendidos.



O ordenamento é, entón, xurídico, porque debe ser guiado polas esixencias da xustiza, que esixe dar ao outro o seu, o seu dereito. O ordenamento, porque é organización e orde, expresa unha certa idea de xustiza (a decidida polo pobo a través dos seus gobernantes, respectando as esixencias da lei natural, sen o cal non habería xustiza ningunha).

O ordenamento é unha forma de realización da xustiza, para o cal debe empregar e asignar os recursos dunha maneira xusta: segundo o esixido polo dereito de cada un, é dicir, en forma substancialmente eficaz, e co mellor aproveitamento posible, o que en definitiva importa un impulso permanente cara o máis pleno recoñecemento dos dereitos de cada un. Se son aforrados recursos sen dano á eficacia, aumentarase a cantidade de produtos a distribuír, é dicir, de dereitos recoñecidos e satisfeitos.

Juan Pablo II, en *Centesimus annus* (CA), empregou, case, o “método de casos” para explicármolos tal relación entre a xustiza e o bo funcionamento e subsistencia do ordenamento. Tomou en consideración “o caso” da caída, a partir de 1990, dos réximes opresores, inxustos, comunistas, o que el considerou debido a dous factores principais, ademais do materialismo, que, levado á práctica social de maneira global e integral, xerara, por si so e inevitablemente, unha forma de ordenamento non sustentable no tempo.

Pero nunha perspectiva máis próxima, o Papa sinalou primeiro, e como factor decisivo, “a violación dos dereitos do traballador”, o que é un grande paradoxo nos casos de sistemas que pretenden ser nada menos que “expresión da ditadura do proletariado”. “Son as multitudes dos traballadores —di o Papa no n.º 23— as que desautorizan a ideoloxía, que pretende ser a súa voz”.

O segundo factor da implosión dos réximes comunistas, en particular do imperio soviético, ten maior relación co noso tema. A CÁ atribúe, no n.º 24, á “ineficiencia do sistema económico, o cal non ten que considerarse como un problema puramente técnico, senón máis ben como violación dos dereitos humanos á iniciativa, á propiedade e á liberdade no sector da economía”, é dicir, a unha defectuosa asignación de recursos a causa da sistemática práctica da inxustiza, propia do réxime, manifestada en non dar ou recoñecer o dereito do outro, no caso, aqueles dereitos numerados polo Papa. É que, continúa no n.º 25, “onde a sociedade se organiza reducindo de maneira arbitraria ou mesmo eliminando o ámbito en que se exercita lexitimamente a liberdade, o resultado é a desorganización e a decadencia progresiva da vida social”.

Hai entón unha directa relación entre a decadencia dun ordenamento e a súa inxusta asignación de recursos. Entre estas hipóteses de incorrecta asignación ou atribución “do seu do outro” que provoca ineficiencia e ineficacia no ordenamento, atópase a negación da liberdade dos individuos —a Corte Suprema de Xustiza norteamericana lembraba que a sociedade ou comunidade é un sistema de “liberdades ordenadas”, é dicir, axeitadamente recoñecidas ou recoñecidas na súa xusta medida.

No económico, o desaxuste ou desorde exprésase particularmente na limitación ou directa supresión da iniciativa individual: nas comunidades decadentes ás que vén referíndose a CA, “...o interese individual é suprimido violentamente (e) queda substituído por un oneroso e opresivo sistema de control burocrático que esteriliza toda iniciativa e creatividade” (n.º 25). Xunto co interese individual, interese que move a iniciativa creadora das persoas, foron tamén danadas, lembra o Papa no n.º 27, outras “virtudes relacionadas co sector da economía, como a veracidade, a fiabilidade, a laboriosidade...”, é dicir, a condición mesma para que o recurso do traballo posúa a cualidade de eficiente e eficaz.

É que hoxe, o traballo e o coñecemento humano son os recursos máis sobresaíntes para a recta saúde económica (e moral) do ordenamento. Ambos os dous poden ser degradados por sistemas que descoñecen a liberdade, a iniciativa individual e a plenitude da propiedade, mesmo sobre o traballo e o coñecemento. Juan Pablo destaca a importancia sobresaínte do “*papel do traballo humano* en canto factor produtivo das riquezas inmateriais e materiais” (n.º 31, subliñado no orixinal). Hoxe tamén se destaca como factor produtivo “*a propiedade do coñecemento, da técnica e do saber*” (n.º 32, subliñado agregado). Pero, atención, trátase da *propiedade* do coñecemento, é dicir, o seu uso e gozo suxeito ao interese do propietario, sempre segundo a lei, isto é, ás esixencias da xustiza que Santo Tomás denomina “xeral, do ben común ou legal”, e que poderíamos tamén denominar “social”.

O sometemento do uso e gozo da propiedade ás esixencias da xustiza do ben común é consistente co “carácter natural do dereito á propiedade privada”, segundo lembra o n.º 30 ás ensinanzas de León XIII na encíclica *Rerum Novarum* (RN). O dereito de propiedade, incluíndo o relativo ao coñecemento, non é un dereito absoluto “xa que na súa natureza de dereito humano leva inscrita a propia limitación”, di a CA no n.º 30. O coñecemento destinado á produción de bens moral, social e economicamente útiles, é unha das expresións máis importantes da iniciativa e o “espírito emprendedor” individual (CA, n.º 32). Esta iniciativa debe ser fomentada por unha axeitada regulación legal tendente a “organizar ese esforzo produtivo”, é dicir, ao emprego eficiente e eficaz de tal recurso, e así “programar a súa duración no tempo, procurar que corresponda de maneira positiva ás necesidades que debe satisfacer, asumindo os riscos necesarios”. “Todo isto —conclúe o Papa sempre no n.º 32— é tamén unha fonte de riqueza na sociedade actual”.

A propiedade do coñecemento debe ser protexida, pero tendo en conta que a intelixencia é froito da nosa condición de creados á imaxe e semellanza de Deus, de maneira que somos creaturas-creadoras. Esta é unha cualidade da nosa natureza humana, que nos iguala en dignidade. Por iso a regulación da propiedade do coñecemento, da propiedade intelectual, debe ser feita considerando a súa especificidade. Neste sentido Benedicto XVI, en CV, advirte que “existen formas excesivas de protección do coñecemento por parte dos países ricos, mediante un emprego demasiado ríxido do dereito de propiedade intelectual, especialmente no campo sanitario” (n.º 22). ¿Non é este un chamamento a unha eficiente e eficaz utilización dun recurso común, a intelixencia, no ordenamento globalizado? Pero á vez ¿non esixe que os países pobres, a través da axeitada protección da propiedade do coñecemento, da iniciativa e inventiva individual nese como en todos os campos, fomenten o despregamento dos seus propios recursos? Recibir sen facer é propio dos ordenamentos gravemente ineficientes e así, subdesenvolvidos, incapaces de fomentar o recurso-coñecemento.

O ordenamento é o ámbito de asignación dos recursos. Estes, sempre dentro de tal ámbito, poden ser asignados de maneira distributiva, mediante operacións xurídicas de dereito público, propio do Estado, ou de maneira conmutativa, sinalagmática, que é o gran espazo do dereito privado, propio da sociedade. Antes, o ordenamento desprega o “complexo de institucións que estruturan xurídica, civil, política, culturalmente, a vida social” di Benedicto XVI no n.º 7 de CV, n.º 7, isto é, como exercicio da xustiza xeral, que é o propio da lei como regra de condución governamental.

No plano da xustiza conmutativa, debe destacarse o *rol do mercado*, do “libre mercado”, subliña o n.º 34 de CA, onde o cualifica como “o instrumento máis eficiente para colocar os recursos e responder eficazmente ás necesidades”. O mercado (CV, n.º 35) “é a institución económica que permite o encontro entre as persoas en canto operadores económicos que empregan o contrato como regra das súas mutuas relacións”. Como o temos expresado en moitas oportunidades, o mercado é o ámbito económico que se atopa rexido pola fór-



mula xenial que ese gran cordobés, Vélez Sarfield, plasmou no art. 1197 do noso Código Civil: “as convencións feitas nos contratos forman para as partes unha regra á cal deben someterse como á lei mesma”. Á vez, o noso outro codificador moderno, Borda, sinálanos no art. 1198 que “os contratos deben celebrarse, interpretarse e executarse de boa fe...”, coincidindo, tamén aquí, co pensamento papal, cando nos ensina que a actuación do mercado require “da confianza recíproca e xeneralizada...” (n.º 35, CV).

O mercado, di alí a CV, “atópase suxeito aos principios da xustiza conmutativa”, sempre no “intercambio de bens e servizos funxibles entre si” (ibidem). O mercado actúa sobre os bens que son transables, conforme un “prezo *conveniente*” (subliñado agregado), indica Juan Pablo no n.º 34, CA, é dicir, un prezo *convido* entre as partes: é o que elas consideran xusto, e así devén xusto, porque é a medida do acto xusto expresado no cumprimento do debido ao outro. O prezo é así resultante do acordo de vontades, da autonomía da vontade e, polo tanto, instrumento de asignación de recursos nunha sociedade libre.

Pero estes son principios que só poden aplicarse, con eficiencia e eficacia, reiteremos, aos bens transables. “Por enriba da lóxica dos intercambios... existe algo que é debido ao home porque é home, en virtude da súa eminente dignidade”, afirma Juan Pablo no n.º 34, CA. O debido ao home é o dereito do home, o seu do home en canto home, o dereito cuxo título se atopa na mesma natureza humana e que se orienta á satisfacción das súas necesidades fundamentais, como a vida desde o mesmo momento en que aparece un ser vivo humano (o embrión humano). O exercicio práctico deste dereito é cometido da xustiza xeral, tamén chamada social, e consecuencia mediata da xustiza distributiva (cfr., CV, n.º 35), en canto asigna a cada un a parte do ben común que proporcionalmente lle corresponde como carga ou beneficio.

Para ser totalmente eficiente na utilización dos recursos e eficaz na súa asignación, o mercado “deixado ao só principio da equivalencia de valor entre os bens intercambiados non alcanza a producir aquela cohesión social da cal ten necesidade para funcionar axeitadamente” (ibidem). A “lóxica mercantil”, precisa Benedicto XVI (CV, n.º 36) non debe ser considerada un fin en si mesma, porque iso tamén conduciría a situacións de ineficacia social, como o padeceu o capitalismo orixinario, co seu grande desprezo e “dispendio” de recursos humanos. Tampouco debemos caer no que Juan Pablo denomina a “idolatría do mercado”, “que ignora —sinala no n.º 40, CA— a existencia de bens que, pola súa natureza, non son nin poden ser simples mercadorías”, como o ambiente.

O funcionamento do mercado debe ser orientado, finalizado ao ben común, o que é competencia da comunidade política, guiada polo goberno, isto é, cometido da xustiza xeral ou social (cfr., CV, n.º 36). O Papa destaca moi ben no n.º 35, CV, que a xustiza social é condición de eficacia do mercado: “Sen formas internas de solidariedade e confianza recíproca (xa veremos que sen *xustiza na caridade*) o mercado non pode desenvolver plenamente a súa propia función económica” (paréntese agregada).

Esta cuestión da axeitada asignación de recursos, aproveitando así toda a potencialidade do mercado, e mesmo incrementándoa cualitativamente, pode tamén ser advertida con relación ao tema da gañancia, do lucro.

No campo económico, empresario, o da inventiva de obxectos de aplicación práctica, comercial, o espírito de iniciativa, de emprendemento, aventura e risco, ten, ademais da vocación e a autoestima, un motor moi importante, case determinante: o lucro.

Lucro é unha palabra que a moitos soa mal. Porén, quere dicir, na práctica, gañar diñeiro. E o diñeiro é o medio co que obtemos os bens que necesitamos para nós e as nosas familias,

os bens indispensables, os relativamente dispensables e os superfluos, que tamén, valorados e perseguidos nunha medida axeitada, prudente, axudan á nosa felicidade.

Pero o lucro, a ganancia, o beneficio, é o gran motor da economía, do desenvolvemento. Enriquece aos que máis teñen, o que en si mesmo non é malo, sempre que tamén beneficie notablemente aos que menos teñen. E o primeiro beneficio é a eficiencia na utilización dos recursos produtivos, porque, en razón do lucro, o capital é destinado a actividades produtivas coa intención do seu maior aproveitamento posible, é dicir, xera postos de traballo. O segundo beneficio é a eficacia, porque ese capital deberá obter o produto para o que llo inviste, que é o que xera a ganancia, xunto coa existencia do ben útil ou conveniente no mercado. As fallas na eficiencia ou na eficacia, supoñen perdas para o capitalista, que é o que el naturalmente tratará de evitar, evitando tamén as disfuncións no mercado xeradas naquela defectuosa utilización dos recursos.

O lucro crea fontes de traballo, directa ou indirectamente, aínda no uso superfluo da ganancia, o que se comproba con só botar unha ollada á industria do turismo, un dos máis grandes desenvolvementos da moderna economía de mercado: a súa dimensión cuantitativa xa produciu un verdadeiro salto cualitativo, e unha gran democratización da cultura e do pracer. Hoxe quizais xa non mereza, o turismo, a cualificación de gasto superfluo.

Sen dúbida o lucro debe ser ordenado. É un instrumento económico, pero con directas consecuencias morais. Así o advirte Benedicto no n.º 21, CV: "O lucro é útil se, en canto medio, se orienta a un fin que lle outorgue un sentido tanto no que se refire a como obtelo como no relativo a como empregalo. O obxectivo exclusivo do lucro, se foi obtido de forma incorrecta e se non ten en conta o ben común como fin último, corre o risco de destruír a riqueza e crear pobreza". Quizais o Papa tiña como visión próxima, cando escribía esta reflexión, a actual crise financeira, á que se chegou, entre outras razóns, por unha desordenada utilización de mecanismos financeiros, só xustificada pola obtención dun maior lucro, convertido así nun fin en si mesmo. Esa visión e práctica desorbitada do lucro é ineficiente e ineficaz: destrúe a riqueza e crea pobreza.

Juan Pablo II, no 35 de CA, lembraba que "a Igrexa reconece a xusta *función dos beneficios*, como índice da boa marcha da empresa. Cando unha empresa dá beneficios significa que os factores produtivos foron empregados axeitadamente e que as correspondentes necesidades humanas foron satisfeitas debidamente. Porén, os beneficios non son o único índice das condicións da empresa. En efecto, a finalidade da empresa non é simplemente a produción de beneficios, senón é máis ben a existencia mesma da empresa como *comunidade de homes* que, de diversas maneiras, buscan a satisfacción das súas necesidades fundamentais e constitúen un grupo particular ao servizo da sociedade enteira. Os beneficios son un elemento regulador da vida da empresa, pero non o único, xunto con eles hai que considerar *outros factores humanos e morais* que, a longo prazo, son polo menos igualmente esenciais para a vida da empresa" (subliñados no orixinal).

É que "a esfera económica non é eticamente neutral", clama a CV (n.º 36) e é por iso tamén que o "mercado non existe en estado puro" (ibídem): é un instrumento que pode ser ben ou mal empregado.

Non é esta unha posición moi lonxana á sustentada, por exemplo, polos economistas liberais clásicos, pero definitivamente enriquece nunha especie de, tamén aquí, salto cualitativo.

A iniciativa individual, que como vimos no económico se atopa determinada pola finalidade de lucro, é boa en si mesma e tamén en si mesma, *espontaneamente*, beneficia ao ben



común, aínda cando non sexa este o fin explícita ou conscientemente perseguido polo axente. O zapateiro, o chumbeiro, o avogado, o enxeñeiro, o estudante, a ama de casa, a presidenta, non se erguen da cama cada mañá para ir cumprir coas súas obrigas pensando: “grazas a Deus hoxe vou realizar algo que é positivo para o ben común”. Eles perseguen o seu ben particular pero ao facelo, na medida que o fagan razoablemente ben, de acordo coas regras propias da actividade e as xerais da comunidade política, atópanse, ao mesmo momento, beneficiando ao ben común. Pero atención, este non é a suma deses e de todos os bens particulares. Ten unha substancia propia que se forma grazas á *compenetración dirixida*, non casual, das substancias dos bens particulares. A auga, para empregar unha comparación analóxica, non é a suma de dúas moléculas de hidróxeno e unha de osíxeno; é a compenetración substancial delas en determinadas condicións ambientais, para xerar así unha nova realidade, que non é nin hidróxeno nin osíxeno, nin tampouco hidróxeno máis osíxeno. Porén, nin o hidróxeno nin o osíxeno desaparecen na auga; podo volver a obter as dúas moléculas de un e a unha do outro, respectivamente, desde o mesmo líquido. Da mesma maneira o ben común fórmase a partir dos bens individuais, constituíndose como unha nova realidade con substancia propia, aínda que sen eliminar os seus elementos compoñentes (como si acontece no totalitarismo).

Pero advirtamos que, a diferenza do exemplo da auga, na realidade social, nun sistema libre, os individuos non só non desaparecen senón que continúan presentes, de maneira que o ben común só se realiza con plenitude cando, ao mesmo momento, se distribúe conforme as esixencias da xustiza distributiva.

É o Goberno o “químico” a quen corresponde facer coincidir o espírito de lucro co ben común. Esta relación do espírito de lucro co ben común prodúcese de dúas maneiras que deben ser superpostas, contemporáneas, case, diríamos, en “unidade de natureza”. Unha, é pola acción ordenada das operacións privadas tendentes ao ben propio (lucro); outra, é pola acción das operacións gobernamentais tendentes a orientar e mesmo forzar á actividade privada en función do bien común.

O primeiro lógrase mediante a soa presenza do Goberno, nas súas funcións executiva, lexislativa e xudicial, aínda que estas non persigan incidir directa e imperativamente sobre a actividade privada. Un exemplo disto é a expresión do Goberno lexislador no art. 1197, CC. É un principio de recta orde social a que os primeiros lexisladores sexan os propios individuos nos seus autónomos acordos de vontade. Pero iso é así, con eficacia —e ata con eficiencia, xa que aforra os custos de litixios— porque a soa presenza do Goberno a través do principio do art. 1197 e do resto dos medios para levalo á práctica, garánteno.

A segunda forma de incidencia do Goberno é máis excepcional, pero moito máis forte, máis intrusiva. Isto é a *orde pública*, que condiciona, ou impón, ou prohíbe determinados elementos das convencións (mesmo o subxectivo). Trátase xa da orde pública civil co seu sistema de nulidades, ou o penal (tamén referido a condutas), ou o administrativo, como a policía administrativa e a regulación económica, ou o constitucional, que é toda orde pública.

Neste sentido, a CA no n.º 42 esixe que o sistema de libre mercado se encadre “nun sólido contexto xurídico que (o) poña ao servizo da liberdade humana integral e a considere como unha particular dimensión da mesma, cuxo centro é ético e relixioso”.

É que, sinala no n.º 48, “a actividade económica, en particular a economía de mercado, non pode desenvolverse en medio dun baleiro institucional, xurídico e político. Pola contra, supón unha seguridade (a seguridade xurídica, diríamos nós) que garante a liberdade individual e a propiedade, ademais dun sistema monetario estable e servizos públicos eficientes”.



Claro que non se debe tratar dunha intervención pública asfixiante. Esta actuación gobernamental debe estar rexida polo principio de suplencia, de *subsidiariedade*, o que é materia dunha constante prédica da Doutrina Social da Igrexa desde a encíclica *Quadragesimo anno* (QA), de Pío XI, proclamado nese momento (1931) con gran valentía fronte ao predominio dos totalitarismos en Europa. Así, o n.º 80, QA enuncia un “principio importantísimo na filosofía social: así como é ilícito impedirle aos individuos aquilo que eles poden realizar coa súa propia forza e industria para asignarlló á comunidade, tamén é inxusto atribuír a unha sociedade maior e máis elevada aquilo que se pode cumprir polas comunidades menores e inferiores.” O descoñecemento das esixencias do principio de subsidiariedade, afirmase no mesmo lugar, é, á vez, “un grave dano e unha subversión da recta orde da sociedade; porque o obxecto natural de calquera intervención da sociedade mesma é aquel de axudar de maneira subsidiaria aos membros do corpo social, non de absorbelos e destruílos”.

O principio de subsidiariedade significa tamén unha asignación dos recursos sociais detrás do seu eficiente e eficaz uso e desenvolvemento. Juan Pablo II, no n.º 48, CA —cunha anticipación profética fronte ao que está ocorrendo agora mesmo en Europa— destaca a ineficiencia sistémica do modelo do denominado “Estado de benestar” ou “Estado asistencial”: “ao intervir directamente e quitar responsabilidade á sociedade, o Estado asistencial provoca a perda de enerxías humanas e o aumento esaxerado dos aparatos públicos, dominados por lóxicas burocráticas máis que pola preocupación de servir aos usuarios, con enorme crecemento dos gastos”.

Aquela é a formulación “*negativa*” da subsidiariedade: a sociedade maior non debe intervir naquelo que é de competencia da sociedade menor. Pero o principio tamén admite e esixe unha formulación *positiva*: a sociedade maior debe intervir alí onde a sociedade menor non se atopa capacitada para facelo, como en todo o que se refire á condución ou goberno dos ordenamentos. O principio maniféstase, entón, como un límite entre o sector público e o sector privado do ordenamento, entre o Estado e a Sociedade, cuxa correcta ubicación depende da prudencia política dos gobernantes. Nin moi arriba, onde tende á anarquía (notemos o paradoxo: o liberalismo extremo é anárquico) nin moi abaixo, onde impera o totalitarismo comunista.

Este principio de suplencia ou subsidiariedade debe rexer, aínda con maior forza no mundo globalizado. “O mercado converteuse en global”, advirte a CV no n.º 24, pero gravemente ineficiente e ineficaz fronte á ausencia dunha autoridade política global que Benedicto XVI, con gran audacia reclama no n.º 67 da CV, comprometida “na realización dun auténtico desenvolvemento humano integral inspirado nos valores da caridade na verdade”. E agrega, sempre tendo presente a grande encíclica do Papa Paulo VI, *Populorum progressio*, “o desenvolvemento integral dos pobos e a colaboración internacional esixen a institución dun grao superior de ordenamento internacional de tipo subsidiario para o goberno da globalización...”.

A axeitada utilización e asignación dos recursos é, reitero, un problema atinente á xustiza, nas súas tres especies: conmutativa, distributiva e xeral, e así tamén un problema xurídico, expresado nos sistemas —ou subsistemas— de dereito privado e dereito público, como tamén na orientación xeral da orde pública, cando corresponder.

Pero a xustiza en canto é o debido ao outro, recoñece igualmente unha dimensión superior. O outro é o próximo, o igual en dignidade, o que se asemella e reflicte a Deus. O dereito do outro é tamén unha esixencia da caridade na verdade. A xustiza como caridade é a gran tese innovadora que Benedicto XVI propón como doutrina social para o século XXI.



“A caridade na verdade —ensina o Papa no n.º 34, CV— pon ao home diante da estupefaciente experiencia do *don*” (subliñado agregado), entendido como gratuidade. Este don, que é perdón —e as sociedades que non saben perdoar están perdidas, empantanadas no odio— é regra de xustiza “tamén nas relacións mercantís (onde) o principio de gratuidade e a lóxica do don como expresión da fraternidade poden e deben atopar o seu lugar dentro da normal actividade económica” (n.º 36, CV). Trátase dunha complementación —levar á súa plenitude, sen alterar a súa natureza— das especies da virtude da xustiza coa virtude da caridade enriquecida pola verdade. O Papa sinala con claridade sistemática no n.º 37, CV: “Na época da globalización a economía sente vivamente a existencia de modelos competitivos ligados a culturas moi diversas entre si. Os comportamentos económicos-empresariais que así se derivan atopan prevalentemente un punto de encontro no respecto da xustiza conmutativa”. Pero tal punto común non é suficiente. “A vida económica —continúa— ten obviamente necesidade do *contrato*, para regular as relacións de intercambio entre valores equivalentes. Pero tamén ten necesidade de leis xustas e de *formas de redistribución* guiadas pola política, e ademais de obras que leven impreso o *espírito do don* (da gratuidade). A economía globalizada parece privilexiar a primeira lóxica, aquela do intercambio contractual, pero directa ou indirectamente demostra necesitar tamén das outras dúas, a lóxica política e a lóxica do don sen contrapartida” (subliñado no orixinal).

O Papa anticipa así a posibilidade da existencia, aínda dentro das regras da xustiza, dunha “*economía da gratuidade*” (n.º 38, CV) como un medio apropiado para o funcionamento eficiente e eficaz do ordenamento comunitario. Pero sen dúbida este é un tema que excede o propósito deste traballo.

No último G20, a Presidenta Fernández de Kirchner (a quen tamén debemos felicitar pola súa defensa do dereito á vida de *todo ser humano*) nunha palabra sintetizou a actual situación do sistema económico global: “*anarcocapitalismo*” ou un capitalismo sen regras, fóra de todo marco xurídico. O anarcocapitalismo global maniféstase especialmente no desorbitado funcionamento dos mercados financeiros, só guiado por un afán de lucro esaxerado e alleo non só a vinculacións morais e de ética profesional, senón tamén ás mesmas esixencias da eficiencia e eficacia económicas. É ineficaz, pois non logra producir suficiente riqueza social; é ineficiente, xa que o fai a un enorme custo humano (desemprego, marxinalidade, crise familiar) e material (quebras, caída do produto bruto, etc.).

Xa Juan Pablo II, na CA, distinguira entre capitalismo e economía de mercado. O primeiro naceu anárquico ou, polo menos, nas relacións cos obreiros e pequenos produtores, sen outras regras que as da “lei” do máis forte. Logo, os estados nacionais lograron (en gran medida e con enormes dificultades) domalo dentro das propias fronteiras, para convertelo nun sistema de mercado sometido a unha axeitada regulación (sen excesos e sen defectos). Aquí o capital é un insumo máis no proceso produtivo, dentro dun marco xurídico guiado polo ben común e polo respecto da preeminente dignidade da persoa humana, do *que se lle debe ao home en tanto que home*, segundo o ensinaba, cabe reiterar, tamén Juan Pablo na *Centesimus*.

Por marco xurídico enténdese o conxunto de regras e dos medios para facer impoñer o cumprimento igualitario daquelas. É, entón, o produto da *autoridade política*, a que, hoxe xa ninguén o dubida, debe ser representativa, democrática e neutral. Así funciona na maioría das nacións civilizadas, pero isto é insuficiente na actualidade.

Vivimos nun mundo globalizado, é dicir, formado por un tecido de interaccións (culturais, políticas, económicas) que transcenden ao poder político dos estados nacionais. No económico reproducense aquí algúns dos peores vicios do capitalismo orixinario: a ausencia de

regas, simplemente porque non existe unha autoridade capaz de impoñelas. Así, os ácratas de hoxe non son os idealistas revolucionarios de antano senón os líderes do mercado das finanzas, “zona liberada” de calquera regulación axeitada.

Na encíclica CV, Benedicto XVI denunciou con enerxía esta nova forma de *capitalismo salvaxe* contraria aos principios de *xustiza social*. Esta, como vimos, tampouco pode ser allea ás esixencias da *verdade* (para coñecer e afirmar o ben) e da *caridade* (para realizalo nun nivel verdadeiramente humano, na comunión dos *que aman ao outro como a un eu mesmo*).

Para domar ao ata o de agora capitalismo anárquico Benedicto auspicia a creación dun *marco xurídico global*, o que só pode ser produto dunha *autoridade política global*, guiada polos mesmos principios de subsidiariedade, federalismo, representatividade, democracia, e neutralidade que rexen —ou deberían rexer— nas comunidades nacionais.

Excede igualmente a este traballo —e especialmente á paciencia dos lectores— a análise da aplicación destes principios á nova orde (ou desorde) da globalización sobre a que tanto Juan XXIII, como Juan Pablo II e agora Benedicto XVI, auspiciaban unha autoridade política mundial, cuxo deseño ofrece sen dúbida dificultades de grande consideración.



# A falla do servizo como título de imputación de responsabilidade subxectiva da administración\*

CIRO NOLBERTO GÜECHÁ MEDINA, PH.D.\*\*

Docente investigador da Universidade Santo Tomás de Aquino de Tunja - Colombia e líder do grupo de investigación en Dereito Administrativo da Facultade de Dereito  
correo-e: cguecha@ustatunja.edu.co

**Resumo:** *A Responsabilidade do Estado por falla, é o título de imputación de maior relevancia dentro do ordenamento xurídico colombiano, en canto a que as actuacións irregulares da administración xeneradoras de prexuízos, convertéronse no usual dentro dos criterios de responsabilidade administrativa. En efecto, non foi a responsabilidade obxectiva senón a responsabilidade subxectiva a de maior tradición, con fundamento en que os principios de legalidade e de bo servizo público son vulnerados dentro da actuación das entidades públicas; o que significa, que o Estado se converteu no principal transgresor do ordenamento xurídico, xa que na falla do servizo, dunha ou outra maneira, o que existe é unha violación de normas que protexen dereitos dos particulares. Polo anterior, no presente artigo realízase un estudo doutrinal, xurisprudencial e de dereito comparado da responsabilidade administrativa do Estado por falla no servizo, de maneira que se exporá a súa evolución e a situación actual da mesma*

**Palabras clave:** *Responsabilidade, falla, servizo, administración, irregularidade, antixuridicidade, dano.*

**Metodoloxía:** *O método empregado é analítico-descriptivo e propositivo.*

**Abstract:** *Responsibility of States for failure, is the title of most relevant complaint within the Colombian legal system, in that improper conduct by management generating losses, have become usual in the criteria of administrative responsibility.*

\* Resultado de investigación Responsabilidade do Estado por actos terroristas. Grupo de investigación xurídicas e socioxurídicas da Universidade Santo Tomás de Aquino de Tunja - Colombia. Director Ciro Nolberto Güechá. Medina.

\*\* Ciro Nolberto Güechá Medina, é docente investigador da Universidad Santo Tomás de Aquino de Tunja - Colombia, líder do grupo de investigación en Dereito Administrativo da Facultade de Dereito, correo electrónico cguecha@ustatunja.edu.co



*Indeed, it was not strict liability, but fails responsibility for most traditional, based on the principles of legality and good public service are violated in the performance of public entities, which means that the State has become a major violator of the law, because in the blackout, one way or another, so there is a violation of rules to protect rights of individuals.*

*Therefore, in this paper makes a study of doctrine, jurisprudence and comparative law of the State administrative responsibility for service failure, so as to expose its evolution and current status of the same.*

**Key words:** *Responsibility, fault, service, administration, irregularity, illegality, injury.*

**Índice:** *Introdución. 1. A responsabilidade subxectiva da Administración pública, reflectida na falla do servizo. 2. A proba da falla do servizo é un criterio necesario pero non suficiente. 3. A falla probada non é a única expresión da falla do servizo. 3.1. A actuación impersoal da falla anónima. 3.2. A falla presunta e a súa expresión na carga dinámica da proba. 3.3. A falla relativa: un eximente de responsabilidade. 4. A responsabilidade obxectiva no dereito español prima sobre a responsabilidade por falla do servizo. 5. Conclusións. 6. Bibliografía*

## Introdución

Co presente artigo preténdese facer unha análise da institución da falla do servizo no sistema xurídico colombiano e as súas referencias no dereito comparado, especificamente no dereito español e o dereito francés, os sistemas máis próximos á devandita institución.

Nas anteriores circunstancias, o estudo realizarase a partir das orixes clásicas da teoría no ordenamento xurídico galo, a cal é eminentemente pretoriana cando os fallos do Consello de Estado Francés lle deron inicio e consolidación, para pasar á análise da institución no noso ordenamento e culminar coas referencias españolas deste título de imputación.

A falla do servizo non é o froito de extensas regulacións legais, pola contra, foi a xurisprudencia a que a moldeou, malia que existen normas constitucionais e do Código Civil, á par que algunhas de Dereito Público que a determinan; por esta razón, a análise xurisprudencial e doutrinaria será de vital importancia para coñecer a realidade do título de imputación de responsabilidade ao noso parecer máis coñecido e empregado polos xuíces da administración.

## 1 A responsabilidade subxectiva da Administración pública reflectida na falla do servizo

